

| PROGRAMACIÓN DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS . CURSO : 2020-2021 | ÍNDICE | | | |
|--|----------------|--|----------------------------|--|
| APARTADOS | CURSOS | | PÁXINAS | |
| 1-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | | | 1 | |
| 2.CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. | 1º ESO | | 8 | |
| | 2º ESO | | 31 | |
| | 3º ESO | | 58 | |
| | 4º ESO | | 68 | |
| | 1º BACH | | 83 | |
| | 2º BACH | | 123 | |
| 3.CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO | 1ºESO | | 20 | |
| | 2º ESO | | 43 | |
| | 3º ESO | | 54 | |
| | 4º ESO | | 65 | |
| | 1º BACH | | 83 | |
| | 2º BACH | | 120 | |
| 4.CONCRECIÓN DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | 1º ESO | | 22/ANEXO 1 – PAX162 | |
| | 2º ESO | | 45/ANEXO 2- PAX 180 | |

| | | |
|--|---------|----------------------|
| | 3º ESO | 56/ANEXO 3-PAX200 |
| | 4º ESO | 67/ANEXO 4-PAX219 |
| | 1º BACH | 87 |
| | 2º BACH | 122 |
| | | |
| 5.CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA | 1º ESO | 23 |
| | 2º ESO | 47 |
| | 3º ESO | 57 |
| | 4º ESO | 68 |
| | 1 BACH | 113 |
| | 2ºBACH | 143 |
| | | |
| 6.MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR | 1º ESO | 24 |
| | 2º ESO | 47 |
| | 3º ESO | 57 |
| | 4º ESO | 68 |
| | 1º BACH | 113 |
| | 2º BACH | 144 |
| | | |
| 7.CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO. | 1º ESO | 25 |
| | 2º ESO | 48 |
| | 3º ESO | 58 |
| | 4º ESO | 69 |
| | 1º BACH | 114 |
| | 2º BACH | 145 |

| | | |
|--|---------|-----|
| | | |
| | | |
| 8.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. | 1º ESO | 26 |
| | 2º ESO | 50 |
| | 3º ESO | 59 |
| | 4º ESO | 70 |
| 9.ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES. | 1º ESO | 27 |
| | 2º ESO | 51 |
| | 3º ESO | 62 |
| | 4º ESO | 73 |
| | 1º BACH | 116 |
| | 2º BACH | 149 |
| 11.DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS. | 1º ESO | 27 |
| | 2º ESO | 51 |
| | 3º ESO | 62 |
| | 4º ESO | 73 |
| | 1º BACH | 117 |
| | 2º BACH | 149 |
| 12.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | 1º ESO | 27 |
| | 2º ESO | 51 |
| | 3º ESO | 62 |
| | 4º ESO | 73 |
| | 1º BACH | 118 |
| | 2º BACH | 150 |
| 13.CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN | 1º ESO | 28 |
| | 2º ESO | 52 |

| | | |
|---|---------|-----|
| NO CURSO QUE CORRESPONDA. | 3ºESO | 63 |
| | 4º ESO | 74 |
| | 1º BACH | 118 |
| | 2º BACH | 150 |
| 14.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. | | 156 |
| 15.MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS. | | 160 |
| 16.ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN ÁS ESPECIFICIDADES DO 2020 | | 268 |
| 17.INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS | | 281 |

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Vou aproveitar para este apartado algunhas das conclusións do Plano de Normalización Lingüística elaborado o curso 2013-2014 e que ilustran o ámbito no que se traballa a asignatura de Lingua e Literatura galegas.

Contorno sociolingüístico do centro

Os datos reflicten unha situación acorde cos datos oficiais, que falan do retroceso xeral experimentado pola lingua galega ao longo do s. XX, cunha continua perda de falantes que afecta de xeito especial aos contornos urbanos e á poboación moza.

O noso centro está situado na área de influencia dunha das zonas de Galicia onde o retroceso do galego en favor do castelán é máis patente: a zona de Ferrolterra. Todos os datos recabados sobre usos lingüísticos na cidade coinciden en sinalar esta tendencia.

Así e todo, este comportamento lingüístico que observamos non é uniforme, e manifesta algúns rasgos característicos que cómpre sinalar:

- En xeral, o uso do galego na comunidade educativa é minoritario. O feito de estar situados nunha vila preto de Ferrol, que é unha zona fortemente castelanizada, é determinante neste sentido. Como veremos máis adiante, unha grande parte do alumnado é castelán falante e procede de familias castelán falantes.

- Os rapaces que proveñen de zonas rurais presentan un uso do galego maior, o mesmo que as súas familias. Esta é unha particularidade que observabamos en anos anteriores, e que segue a ser unha constante na actualidade.

- A maior parte dos pais utilizan o castelán como lingua escrita e como lingua falada. Posiblemente isto sexa debido a que moitos deles foron educados en castelán e o galego non estaba presente na súa vida de estudantes, alomenos no que respecta á súa formación académica.

- Igual que vén acontecendo en anos anteriores, persiste a percepción do castelán como lingua dominante de cultura e modelo de lingua urbana.

Ademais, o feito de estar o noso centro preto da cidade de Ferrol, fai que sobre todo os alumnos opten pola lingua que eles consideran máis urbana, culta e útil nos usos sociais: o castelán.

- A maioría dos membros da comunidade educativa manifestan non ter ningunha dificultade á hora de entender o galego, tanto a nivel falado como escrito.

- Hai un número significativo de pais que utilizan o galego como lingua habitual. Porén, dentro deste grupo hai algúns deles que, aínda que declaran falala habitualmente, non a contemplan como lingua de cultura.

Institucións e administración

Podemos considerar que, a nivel institucional e administrativo, Neda e os municipios limítrofes constitúen un área razoablemente galeguizada. A lingua empregada polo Concello é o galego e a maioría dos representantes dos diferentes partidos realizan as súas comunicacións públicas e as campañas en galego. Tamén a vida administrativa do Concello, ata onde podemos observar, está galeguizada. Asemade, as entidades asociativas do contorno (veciñais, culturais, deportivas, etc) mostran tamén unha actitude moi positiva e empregan a lingua galega, cando menos en público.

Respecto ao propio centro, dicir que o uso do galego está plenamente integrado no ámbito administrativo, onde todas as comunicacións oficiais se fan nesta lingua.

Ademais de os alumnos e profesores, o centro conta cun equipo de persoal non docente: unha persoa no sector administrativo, dous conserxes, catro membros no persoal de servizo de mantemento e limpeza, e unha persoa responsable da cafetería. Todos eles amosan unha disposición favorable ao uso do galego.

Situación do profesorado

Na última análise sociolingüística feita no centro, os resultados determinaban que a presenza do galego no centro podía considerarse entre escasa e moderada.

Sen dúbida, o profesorado é un dos principais axentes escolares á hora de levar a cabo a planificación lingüística dun centro. O noso IES conta actualmente cun cadro de persoal variable de arredor de 35 docentes, que nos últimos anos experimentou unha merma importante. A maioría teñen destino definitivo no centro, son de orixe galega, e a súa idade media sobrepasa os

corenta anos.

Aínda que é unha minoría a que usa o galego habitualmente, podemos afirmar que en xeral, non hai unha actitude hostil cara ao galego.

A partires da información recabada sobre este colectivo a través de diversas fontes, entre as que destaca o noso inquérito, podemos tirar algunhas conclusións importantes:

- Cando preguntamos pola lingua falada habitualmente, o castelán supera ao galego, aínda que a opción predominante é a que revela un emprego de ámbalas dúas. Este feito pode ser facilmente explicable tendo en conta a idade (unha parte do claustro non cursou galego no bacharelato) e o lugar de residencia (fortemente castelanizada).

- Unha gran parte do profesorado fai uso das dúas linguas oficiais e tende a pasar ao castelán se algún alumno ou alumna se dirixe a el/ela nesta lingua.

- Unha maioría do profesorado manifesta que, aínda que a súa capacidade para expresarse en galego é alta en xeral, a súa práctica a nivel oral é escasa ou cando menos insuficiente. Moitos deles afirman ter dúbidas sobre terminoloxía galega ou sobre a corrección de certas estruturas lingüísticas que a miúdo lles fan cometer erros e sentir inseguridade.

- Cando preguntamos pola actitude cara á normalización do galego, tanto no ámbito educativo como na sociedade, a resposta é claramente favorable a esta, fronte ás opcións que rexeitan ou ven con indiferencia esta normalización.

- A maior parte do profesorado entende a diversidade lingüística e cultural como unha riqueza que hai que respectar.

- A maior parte do profesorado realizou algunha vez cursos de formación de lingua galega.

- A maior parte do profesorado coñece e emprega regularmente material

didáctico en galego sobre a disciplina que imparte.

-Incluso dentro do grupo dos que empregan habitualmente o castelán, atopamos unha actitude positiva cara ó galego e un desexo de participar e colaborar nas actividades de dinamización lingüística. Moitos docentes, de diferentes departamentos e materias, aportaron ideas e amosáronse dispostos a colaborar co EDLG.

3.4.Situación do alumnado

Como xa dixemos, o Equipo de Dinamización de Lingua Galega , vén de realizar neste ano

2013-2014 un novo inquérito sociolingüístico que actualiza os datos do realizado no ano

2010.O inquérito foi distribuído , ademais de ao profesorado, á maior parte do alumnado.Os datos extraídos , unha vez tabulados e ordenados, dan unha idea da

situación da nosa lingua entre os principais usuarios do sistema educativo no noso centro.

A análise desta información, dende un primeiro momento, deixa patente a continua perda

de falantes da que adoece a lingua galega, que ao noso modo de ver, non está a ser obxecto da protección que merece por parte das Administracións.

Os nosos estudantes proceden principalmente do Concello de Neda, aínda que tamén hai aportacións doutros concellos limítrofes. Dende o punto de vista sociolingüístico, o alumnado pódese calificar como de medio rural e periurbano. Isto último resulta relevante se temos en conta que a cidade de referencia é Ferrol, unha zona fortemente castelanizada.

Polo que respecta aos costumes e usos socioculturais, as iniciativas son máis ben escasas. Non hai asociacionismo cultural no centro nin activismo asociativo do alumnado se exceptuamos a participación no Consello Escolar.

Existe tamén unha ANPA, cunha afiliación non moi numerosa.(No momento actual non existe ANPA)

Lingua habitual

O uso do galego dentro do alumnado é minoritario, sobre todo a nivel oral. Sen dúbida, isto vén derivado de que en moitos casos a lingua utilizada nas súas relacións sociais é maioritariamente castelán, lingua que arredor dun 80% manifesta empregar habitualmente. Por outra banda, unha porcentaxe variable, que chega ata o 45% en niveis intermedios, como en 3º e 4º de ESO , manifesta empregar tanto castelán como galego, polo que podemos concluír que hai un número de alumnos, cercano á metade, que se declaran bilingües. Este é quizais a única lectura optimista que podemos tirar a partir da información acadada.

Porén, cando observamos os datos relativos á lingua falada no entorno doméstico, o castelán baixa ata o 40%, cun certo ascenso, ata o 22% nos cursos de bacharelato, do número de galego falantes. Isto pódese deber a que hai unha porcentaxe significativa de alumnos que viven en concellos da área rural que, na maioría dos casos, cursan estudos nos niveis máis altos. Polo que respecta aos usos lingüísticos no centro, dicir que o uso do castelán ascende de novo como lingua preferida. A maioría dos alumnos revelan unha boa competencia lingüística a nivel escrito, pero manifestan importantes deficiencias a nivel oral, posiblemente debido ó pouco uso espontáneo que fan do galego. Ademais, podemos afirmar con rotundidade que o comportamento lingüístico do noso alumnado indica unha situación diglósica, xa que a maioría manifestan cambiar de lingua segundo a situación e a quen se dirixan.

Se temos en conta a información tomada doutras fontes, como debates e

entrevistas persoais, podemos facer tamén estoutras consideracións:

- Unha maioría do alumnado afirma que entende perfectamente as clases en galego. Son unha minoría, en cambio, os que pensan que as clases deberían ser todas en galego.

- Unha maioría pensa que é importante coñecer e saber empregar o galego.

- Unha maioría pensa que é importante coñecer e saber empregar o galego, aínda que non asocien este uso con entornos de prestixio social. Asimesmo, afirman que o galego debe ser preservado como parte do patrimonio cultural de Galicia.

Podemos concluír que o número de alumnos que falan entre eles espontaneamente galego é pequeno. Igual que acontecía no último estudo que fixemos, parece que o galego non está moi presente na súa vida familiar e de relacións sociais. Asimesmo, como xa dixemos, a situación na que vive o alumnado pódese cualificar claramente de diglósica, xa que incluso aqueles que empregan as dúas linguas, cambian dunha a outra segundo o contexto, e manifestan unha preferencia clara polo castelán en entornos académicos ou de prestixio. A parte positiva desta situación radica en que, en xeral, o alumnado amósase receptivo cara á normalización da lingua, ou alomenos non se declara abertamente en contra.

Por estes motivos nas aulas plantexamos actividades dirixidas ao alumnado de xeito que resulten atraíntes para eles, e ir dirixidas a fomentar o uso oral (sen esquecer o escrito) do galego. Tamén é importante que vexan o galego como unha lingua útil, presente en tódolos ámbitos e situacións da vida moderna (internet, telefonía...) e cun uso práctico incuestionable.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

1.º DE ESO

**2 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS
CLAVE.CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES
DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS
PERFÍS COMPETENCIAIS**

Competencias clave

As competencias veñen definidas pola Unión Europea (*Recomendación do Parlamento europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, 2006/962/CE*) como “unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes adecuadas ao contexto. As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoais, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. A Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) determinou a través do informe *Definición e selección de competencias* (1999, 2003) que unha competencia é “a capacidade de responder demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada” dado que “supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz”.

A introdución do concepto de “competencias clave para a aprendizaxe permanente” implica unha total renovación do proceso de ensino-aprendizaxe posto que o foco da educación se traslada desde a adquisición de contidos propia dun sistema de ensino tradicional até o “saber facer” promulgado polas competencias. O coñecemento como ben abstracto deixa de ter sentido se non conta cunha adecuada transferencia á práctica . Esta renovación pretende, ademais, potenciar entre a cidadanía o modelo educativo da aprendizaxe ao longo de toda a vida.

Ao tempo, a *Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente (2006/962/CE)* delimita un total de sete temas comúns ao marco de referencia competencial que deben ser tidos en conta para mellorar o proceso de adquisición de competencias e para favorecer a mencionada aprendizaxe ao longo de toda a vida.

- Pensamento crítico.
- Creatividade.
- Capacidade de iniciativa.
- Resolución de problemas.
- Avaliación de riscos.
- Toma de decisións.
- Xestión construtiva dos sentimentos.

A Unión Europea recoñece oito competencias básicas: comunicación en lingua materna, comunicación en linguas estranxeiras, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido da iniciativa e espírito de empresa e conciencia e expresión culturais.

Pola súa parte o Ministerio de Educación, cultura e deporte (*Orde ECD/65/2015*) e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (*Decreto 86/2015*) recoñecen as seguintes sete competencias:

1. Comunicación lingüística (CCL)¹.
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A aprendizaxe baseada en competencias debe caracterizarse pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. Todas as materias deben traballar todas as competencias e ter como fin último a consecución de todas elas no seu máis alto grao, proceso que se desenvolverá ao longo de toda a vida.

A necesidade de traballar as competencias de forma transversal, dinámica e integral motiva que o traballo docente se desenvolva a través de situacións de aprendizaxe e de actividades de aprendizaxe integradas. Estes dous elementos resultan de particular utilidade nas materias do ámbito lingüístico e, nomeadamente, no caso da materia de Lingua Galega e Literatura. As situacións de aprendizaxe desenvólvense no libro escollido, de Baía Edicións, principalmente, a través dos bloques de Expresión Escrita e de Expresión Oral que forzan o alumnado á activación dun elevado número de recursos e destrezas tanto activas como pasivas.

Resumimos, a seguir, os elementos definitorios (clasificados en coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes e valores) das competencias clave segundo a *Orde ECD/65/2015 pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato*.

| | | |
|-----|--------------|---|
| CCL | Coñecementos | <ul style="list-style-type: none"> – Sobre o compoñente lingüístico: léxico, gramática, semántica, fonoloxía, ortografía e ortoépica. – Sobre o compoñente pragmático-discursivo –que inclúe as dimensións sociolingüística, pragmática e discursiva– e o sociocultural –coñecemento do mundo e dimensión intercultural–. |
| | Destrezas | <ul style="list-style-type: none"> – Lectura. – Alfabetización múltiple. |
| | | <ul style="list-style-type: none"> – Respecto á normas de convivencia. – Exercicio activo da cidadanía. – Desenvolvemento dun espírito crítico. |

¹ Neste documento empregaremos as siglas que aquí aparecen para abreviar as competencias por seren as que se utilizan no *Decreto 86/2015*. Con todo, no noso libro de texto usamos unha clave simplificada cuxa lenda aparece no pé de páxina de todas as fichas de Reforzo de competencias.

| | | |
|-------|--------------|--|
| | Actitudes | <ul style="list-style-type: none"> – Respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo. – Concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos. – Curiosidade, interese e creatividade cara á aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes tales como a lectura, a conversa, a escritura etc. como fontes de pracer relacionadas co desfrute persoal e cuxa promoción e práctica son tarefas esenciais no reforzo da motivación cara á aprendizaxe. |
| CMCCT | Coñecementos | <ul style="list-style-type: none"> – Os números. – As medidas e as estruturas. – As operacións e as representacións matemáticas. – A comprensión dos termos e dos conceptos matemáticos. – A física. – A química. – A bioloxía. – A xeoloxía. – A tecnoloxía. |
| | Destrezas | <ul style="list-style-type: none"> – Aplicación dos principios e procesos matemáticos en contextos sociais, persoais, profesionais ou científicos. – Emisión de xuízos fundados. – Seguimento de cadeas argumentais na realización de cálculos. – Análise de gráficos e representacións matemáticas. – Manipulación de expresións alxébricas. – Utilización e manipulación de ferramentas e máquinas tecnolóxicas. – Uso de datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo: identificación de preguntas, resolución de problemas, chegada a conclusións e toma de decisións baseadas en probas e argumentos. |
| | | <ul style="list-style-type: none"> – Rigor. – Respecto aos datos. – Veracidade. – Asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía. – Interese pola ciencia. |

| | | |
|-----|--------------|---|
| | Actitudes | <ul style="list-style-type: none"> - Apoio á investigación científica. - Valoración do coñecemento científico. - Sentido de responsabilidade en relación coa conservación dos recursos naturais e coas cuestións ambientais. - Adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nun contorno natural e social. |
| CD | Coñecementos | <ul style="list-style-type: none"> - Linguaxe específica básica: textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora, así como as súas pautas de decodificación e de transferencia. - Acceso ás fontes e ao procesamento de información. - Coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten as persoas no mundo dixital. |
| | Destrezas | <ul style="list-style-type: none"> - Aquelas relacionadas co acceso á información, co procesamento e uso para a comunicación, coa creación de contidos, coa seguridade e coa resolución de problemas en contextos formais, informais e non formais. - Uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñíbeis. - Avaliación e selección de novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas. |
| | Actitudes | <ul style="list-style-type: none"> - Actitude activa, crítica e realista cara ás novas tecnoloxías e aos medios tecnolóxicos. - Valoración das fortalezas e das debilidades da tecnoloxía. - Respecto de principios éticos no uso da tecnoloxía. - Participación e traballo colaborativo. - Motivación e curiosidade pola aprendizaxe. - Mellora no uso das tecnoloxías. |
| CAA | Coñecementos | <ul style="list-style-type: none"> - Sobre os procesos mentais implicados na aprendizaxe - Sobre o proceso de aprendizaxe persoal desde tres dimensións: <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento que ten o/a estudante acerca do que sabe o descoñece, do que é quen de aprender, do que lle interesa etc. • Coñecemento da disciplina en que se localiza a tarefa de aprendizaxe e o coñecemento do contido concreto e das demandas da propia tarefa |

| | | |
|-----|--------------|---|
| | | <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento sobre as distintas estratexias posíbeis para afrontar a tarefa |
| | Destrezas | <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias de planificación que reflictan a meta de aprendizaxe perseguida. – Estratexias de supervisión que permitan examinar a adecuación das accións que se están desenvolvendo. – Estratexias de avaliación que analicen tanto o proceso como os resultados. |
| | Actitudes | <ul style="list-style-type: none"> – Motivación. – Confianza. |
| CSC | Coñecementos | <ul style="list-style-type: none"> – Códigos de conduta e usos xeralmente aceptados nas diversas sociedades e contornos. – Tensións sociais e grupos de cambio. – Conceptos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, á igualdade e á non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, á sociedade e á cultura. – Comprensión das dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas. – Percepción das identidades culturais e nacionais como un proceso sociocultural dinámico e cambiante, en interacción coa identidade europea. – Coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís así como a formulación destes dereitos nas Constitución española, na Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais e a súa aplicación institucional a escala local, rexional, nacional, europea e internacional. – Coñecemento dos acontecementos contemporáneos. – Coñecemento dos acontecementos máis destacados e das principais tendencias nas historias nacional, europea e mundial. – Comprensión dos procesos sociais e culturais de carácter migratorio que implican a existencia de sociedades multiculturais no mundo globalizado. |
| | | <ul style="list-style-type: none"> – Capacidade de comunicarse dunha |

| | | |
|--|-----------|--|
| | Destrezas | <p>maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tolerancia. - Expresión e comprensión de puntos de vista diferentes. - Negociación sabendo inspirar confianza e sentir empatía. - Habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público. - Habilidade para manifestar solidariedade e interese por resolver os problemas que afecten ao contorno escolar e á comunidade. - Reflexión crítica e creativa. - Participación construtiva nas actividades da comunidade ou do ámbito mediato e inmediato. - Toma de decisións nos contextos local, nacional ou europeo, en particular, mediante o exercicio do voto e da actividade social e cívica. |
| | Actitudes | <ul style="list-style-type: none"> - Seguridade nun/nunha mesmo/a. - Integridade. - Honestidade. - Interese polo desenvolvemento socioeconómico e pola súa contribución a un maior benestar social da poboación. - Interese pola comunicación intercultural, a diversidade de valores e o respecto ás diferenzas. - Disposición a superar os prexuízos. - Pleno respecto dos valores humanos. - Vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis. - Manifestación do sentido da responsabilidade. - Comprensión e respecto dos valores compartidos necesarios para garantir a cohesión da comunidade. - Respecto dos principios democráticos. - Actividades cívicas. - Apoio á diversidade e cohesión social - Apoio ao desenvolvemento sustentábel. - Vontade de respectar os valores e a intimidade dos demais. - Recepción reflexiva e crítica da información procedente dos medios de comunicación. |
| | | <ul style="list-style-type: none"> - Capacidade de recoñecer as |

| | | |
|-------|--------------|--|
| CSIEE | Coñecementos | <p>oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento das sociedades, as organizacións sindicais e empresariais. – Comprensión das liñas xerais económicas e financeiras. – Organización e procesos empresariais. – Deseño e implementación dun plan (a xestión de recursos humanos e/ou financeiros). – Postura ética das organizacións e coñecemento de como estas poden ser un impulso positivo, por exemplo, mediante o comercio xusto e as empresas sociais. |
| | Destrezas | <ul style="list-style-type: none"> – Capacidade de análise. – Capacidades de planificación, organización, xestión e toma de decisións. – Capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas. – Comunicación, presentación, representación e negociación efectivas. – Habilidade para traballar tanto individualmente como dentro dun equipo. – Participación, capacidade de liderado e delegación. – Pensamento crítico e sentido da responsabilidade. – Autoconfianza, avaliación e autoavaliación. – Manexo da incerteza e asunción e xestión do risco. |
| | Actitudes | <ul style="list-style-type: none"> – Predisposición a actuar dunha forma creadora e imaxinativa. – Autocoñecemento e autoestima. – Autonomía e independencia. – Interese e esforzo. – Espírito emprendedor. – Iniciativa, pro-actividade e innovación tanto na vida privada e social como na profesional – Motivación e determinación á hora de cumprir uns obxectivos tanto persoais como colectivos e/ou laborais. |
| | | <ul style="list-style-type: none"> – Sobre a herdanza cultural (patrimonio cultural, histórico-artístico, literario, filosófico, tecnolóxico, ambiental etc.) a escala local, nacional e europea e o seu |

| | | |
|------|--------------|--|
| CCEC | Coñecementos | <p>lugar no mundo.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Sobre a concreción da cultura en diferentes autores/as e obras, así como en diferentes xéneros e estilos, tanto das belas artes como doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. – Sobre técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas. – Identificación das relacións existentes entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade. – Sobre a evolución do pensamento, as correntes estéticas, as modas e os gustos. – Sobre a importancia representativa, expresiva e comunicativa dos factores estéticos na vida cotiá. |
| | Destrezas | <ul style="list-style-type: none"> – Aplicación de diferentes habilidades de pensamento, perceptivas, comunicativas, de sensibilidade e de sentido estético para poder comprender, emocionarse e desfrutar coas manifestacións artísticas. – Iniciativa. – Imaxinación e creatividade expresadas a través de códigos artísticos. – Capacidade de empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos. – Habilidades de cooperación. – Toma de conciencia da importancia de apoiar e apreciar as contribucións alleas. |
| | Actitudes | <ul style="list-style-type: none"> – Interese, recoñecemento e respecto polas diferentes manifestacións artísticas e culturais, e pola conservación do patrimonio. – Valoración da liberdade de expresión, do dereito á diversidade cultural, do diálogo entre culturas e sociedades e da realización de experiencias artísticas compartidas. – Interese por participar na vida cultural e por comunicar e partillar coñecementos, emocións e sentimentos a partir de expresións artísticas. |

5.1. As competencias clave e a materia de Lingua Galega e Literatura

A materia de Lingua Galega e Literatura favorece a posta en práctica das competencias básicas e, por tanto, contribúe poderosamente ao seu desenvolvemento no alumnado non só no que á competencia en comunicación lingüística se refire senón tamén canto ás seis restantes.

A seguir, presentamos unha breve xustificación de como pode a nosa materia contribuír ao proceso de desenvolvemento competencial retomando aqueles descritores das competencias anteriormente expostos que poden ser especificamente abordados desde a Lingua Galega e Literatura.

▪ **Comunicación lingüística**

Como xa sinalamos, resulta evidente que esta é a competencia á que máis e mellor pode contribuír a nosa materia. Por tanto, non cómpre incidirmos nos aspectos que poden ser postos en práctica a través de Lingua Galega e Literatura, mais si debemos sinalar que a plena competencia en comunicación lingüística precisa tamén de destrezas que permitan que certos saberes das áreas de lingua actúen como vasos comunicantes que faciliten o proceso de aprendizaxe do alumnado e que proporcionen, á fin, un mellor aproveitamento de determinados conceptos e estruturas.

Alén disto, hai que recalcar a relevancia do desenvolvemento da comprensión lectora. A lectura aparece integrada como habilidade básica desta competencia, mais tamén se lle recoñece o valor instrumental imprescindible para a consecución das restantes competencias e, en xeral, de calquera das actividades que garden relación non só coa educación, senón co desenvolvemento vital persoal.

- Coñecementos sobre o compoñente lingüístico (léxico, gramática, semántica, fonoloxía, ortografía e ortoépica), sobre o compoñente pragmático-discursivo e sobre o compoñente sociocultural.
- Desenvolvemento das estratexias de mellora da lectura e de comprensión lectora.
- Promoción de elementos que faciliten a alfabetización múltiple.
- Adquisición de valores como o respecto á normas de convivencia, o exercicio activo da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo e a concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos.
- Curiosidade, interese e creatividade cara á aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes como a lectura, a conversa, a escritura etc. como fontes de pracer relacionadas co disfrute persoal.

▪ **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Tradicionalmente esta foi unha das competencias cuxo desenvolvemento resultou desbotado desde as materias da área lingüística dado que se lles presuponía a estas unha menor capacidade de actuación; porén, o desenvolvemento do razoamento e do pensamento lóxico e a súa aplicación a tarefas claramente integradas nos nosos plans curriculares –como, por exemplo, a análise sintáctica– requiren claramente do desenvolvemento destas destrezas.

- Coñecementos sobre os números, a mellora das comprensión dos termos nos conceptos matemáticos, as representacións matemáticas como as gráficas
- Habilidades como a emisión de xuízos fundados, o seguimento de cadeas argumentais, a análise de gráficos e doutras representacións matemáticas, o uso de datos e de procedementos científicos para a consecución dun obxectivo que inclúa a chegada a conclusións e a toma de decisións seguindo un razoamento dedutivo
- O rigor, o respecto aos datos, a veracidade, a valoración do coñecemento científico etc.

▪ **Competencia dixital**

A competencia dixital é un dos eixos do desenvolvemento competencial necesario para desenvolverse como cidadán e cidadá activo e integrado na sociedade actual. Desde a materia de Lingua Galega e Literatura, da mesma maneira que desde as outras áreas lingüísticas, un dos puntos fortes do desenvolvemento desta competencia pasa por ofrecer ao alumnado destrezas de busca, de síntese e de análise de información, para alén do manexo competente de diferentes ferramentas e recursos informáticos.

- Adquisición de coñecementos sobre linguaxes e códigos específicos así como seus procesos de decodificación e de transferencia; acceso a fontes de información e establecemento de parámetros adecuados de busca, selección e procesamento da información.
- Interese por participar en traballos colaborativos, motivación e curiosidade pola aprendizaxe e tamén mellora do uso das tecnoloxías.

▪ **Aprender a aprender**

Aprender a aprender é unha das competencias con máis alto grao de transversalidade cuxa progresión nas destrezas que require garante a consecución dun obxectivo de alto nivel: o recoñecemento do alumno ou da alumna como aprendiz e a análise dos seus puntos fortes e das fraquezas que presenta no seu modo de abordar a nosa materia e as materias restantes.

A adquisición de destrezas suficientes nesta competencia asegura a consecución duns mecanismos de aprendizaxe eficaces e aplicábeis a todos os ámbitos vitais.

- Coñecementos sobre estratexias de resumo, análise e síntese que permiten o deseño de estratexias de aprendizaxe que permiten unha abordaxe eficaz de diferentes campos e saberes.
- Desenvolvemento de estratexias de planificación, supervisión e avaliación das tarefas levadas a cabo.
- Potenciación da motivación e da confianza.

▪ **Competencias sociais e cívicas**

Trátase dunha das competencias máis intrinsecamente relacionadas co currículo de Lingua Galega e Literatura, xa que a integración neste dos bloques de Lingua e sociedade e de Coñecemento literario fan que a explicación dun e doutro ámbito beban directamente das fontes da interpretación e de análise da sociedade en que se insiren.

Alén dos coñecementos directamente vinculados coa historia de Galiza, o tratamento desta competencia desde a nosa materia tamén debe ter con conta o desenvolvemento de actitudes cívicas claramente apreciábeis no decorrer diario das aulas e no desenvolvemento de actividades como, por exemplo, os debates.

- Adquisición de coñecementos relativos á vida segundo os parámetros dunha determinada sociedade; percepción das identidades culturais e nacionais como un proceso sociocultural dinámico e cambiante; coñecemento dos acontecementos contemporáneos e dos principais acontecementos históricos a nivel tanto local como mundial; comprensión dos fenómenos migratorios.
- Desenvolvemento das destrezas necesarias para comunicarse de forma eficaz en calquera ámbito social ou persoal; a capacidade de negociación; a realización de intervencións en público adecuadas; a reflexión crítica e creativa.
- Potenciación de actitudes como a autoconfianza, a integridade, o interese pola comunicación intercultural, a tolerancia, a disposición a superar preconceitos, o sentido da responsabilidade e a reflexión acerca das mensaxes transmitidas polos medios de comunicación.

▪ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Na sociedade actual resulta imprescindible formar persoas que dispoñan das ferramentas necesarias para se integraren nela como axentes activos e participativos, con capacidade para tomaren as súas propias decisións.

Ademais do factor directamente relacionado co desenvolvemento económico e empresarial, o tratamento desta competencia na nosa materia favorece o desenvolvemento da conciencia da avaliación de riscos e da toma de decisións e a capacidade de se comunicar de forma eficaz en calquera ámbito.

- Adquisición e mellora de destrezas como a capacidade de análise e de planificación, a organización e a toma de decisións, a capacidade de adaptación ao cambio e a resolución de

problemas, a adquisición de destrezas de comunicación e negociación efectivas, a habilidade para traballar individualmente ou dentro dun equipo, o desenvolvemento do pensamento crítico.

- Valores como a potenciación da creatividade e das solucións imaxinativas, a autoestima, a autonomía e o esforzo, a motivación á hora de cumprir uns obxectivos sexan estes persoais, académicos ou laborais.

▪ **Conciencia e expresións culturais**

Finalmente, a competencia en conciencia e expresións culturais, ao igual que acontece coa competencias sociais e cívicas, mantén unha relación máis estreita da nosa materia co currículo. O achegamento ao feito literario, o estudo de épocas e períodos artísticos tanto propios como vinculante coa historia europea constitúen unha parte importante da nosa materia.

Alén do coñecemento sobre os xéneros literarios, os seus códigos estéticos e o seu desenvolvemento histórico, esta competencia tamén se practica mediante a creación de textos de intención literaria.

- Adquisición de coñecementos de historia da cultura desde diferentes disciplinas artísticas incluída a literatura, o coñecemento de autores/as, obras e estilos representativos incluíndo o coñecemento de autores/as actuais, a identificación das relacións entre as manifestacións artísticas e as sociedades en que se insiren, os coñecementos sobre a evolución das ideas estéticas e dos gustos e convencións.
- Potenciación da imaxinación e desenvolvemento do pensamento creativo, traballo en equipo, iniciativa.
- Actitudes como a valoración da liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural, o respecto polas diferentes manifestacións culturais e artísticas e o interese por participar da vida cultural da comunidade.

5.2. As competencias clave no noso proxecto educativo

O desenvolvemento destas sete competencias clave é un dos obxectivos das doce unidades didácticas e dos tres proxectos trimestrais que integran o manual de 1.º de ESO, de aí que tratásemos de potenciar en todo momento a inclusión de textos e de actividades que faciliten ese labor.

3.CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA PRIMEIRO CURSO.

Obxectivos

3.1-Obxectivos xerais de etapa

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e

cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m)Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n)Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ)Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o)Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2. Contribución da materia de Lingua Galega e Literatura á consecución dos obxectivos xerais de etapa

O desenvolvemento da LOMCE implica a desaparición dos obxectivos de área e a implementación dos catorce obxectivos xerais incluídos no apartado anterior e aos cales deben contribuír activamente todas as materias que conforman a ESO.

As materias do ámbito lingüístico están excepcionalmente dotadas para contribuír á consecución dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria posto que, alén dos contidos curriculares que lles corresponden de forma directa, a integración doutro tipo de contidos mediante textos, debates, actividades de creación literaria etc. resulta especialmente doada e facilita a creación de situacións de aprendizaxe que, á súa vez, posibiliten enfoques metodolóxicos diversos.

A estreita vinculación que se establece a través de bloques como o de Lingua e sociedade ou Coñecemento literario con contidos relacionados coa situación sociolingüística e coa historia de Galiza contribúen a facilitar a consecución de obxectivos específicos da nosa comunidade e facilitan a transferencia de coñecementos entre diferentes materias.

4-CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVARIABLE DE :

4.1.TEMPORALIZACIÓN

4.2 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

4.3 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Estes tres puntos están desenvolvidos por estándares no anexo 1.

TEMPORALIZACIÓN POR TEMAS DE CONTIDO

1º TRIMESTRE:

UNIDADES: DA 1 Á 4 .

2º TRIMESTRE:

UNIDADES: DA 5 Á 8.

3º TRIMESTRE:

UNIDADES : DA 9 Á 12.

CONTIDOS MÍNIMOS:

BLOQUE1- COMUNICACIÓN ORAL.ESCOITAR E FALAR. (léxico do corpo humano; parentesco; casa; escola; tempo cronolóxico; tempo atmosférico; medios de transporte; alimentación; animais; árbores e plantas; paisaxe rural e paisaxe urbana)

BLOQUE 2-COMUNICACIÓN ESCRITA .LER E ESCRIBIR(alfabeto; sílabas; ditongos e tritongos; acentuación xeral; acentuación de ditongos, tritongos e hiatos, diérese; acentuación diacrítica; puntuación; uso de b e v; uso de h, de x e s ; grupos consonánticos; texto descritivo e texto narrativo)

BLOQUE 3- FUNCIONAMENTO DA LINGUA (o substantivo; o adxectivo; o pronome persoal tónico; pronome persoal átono; o artigo; o verbo;adverbio,preposición , conxunción; propiedades textuais)

BLOQUE 4- LINGUA E SOCIEDADE:(Linguas da Península Ibérica; lingua galega; preconceptos lingüísticos; normalización da contorna)

BLOQUE 5- LITERATURA (recursos estilísticos; xéneros literarios;xénero lírico: métrica, rima e estrofa, poema; xénero narrativo: voz narrativa, acción,

personaxes, espazo e tempo; xénero dramático: texto teatral, representación teatral; banda deseñada)

5. Concrecións metodolóxicas

Procuramos en todo momento que as actividades propostas resultasen variadas en tipoloxías e gradadas en dificultade, de modo que enfrontarse con elas sexa unha forma de asentar conceptos e supoña un reto real para o alumnado. Alén disto, intentamos integrar en todas as unidades actividades que obriguen ao manexo de diferentes ferramentas TIC, á busca e ao procesamento de información a través de internet e doutras fontes documentais, á utilización do dicionario, á creación literaria, á resolución de problemas, á investigación, á exposición oral, ao desenvolvemento de proxectos etc.

Por outra parte, consideramos que o traballo individual é preciso en certas actividades que serven para asentar coñecementos moi concretos (ortografía, gramática etc.) e tamén noutras que favorecen o autoconhecimento e a expresión dos propios sentimentos (expresión da propia opinión, creación de textos de intención literaria etc.), mais somos conscientes da demanda da sociedade actual de cidadáns e cidadás e profesionais que saiban traballar de modo colaborativo, de aí que todas as unidades contén cun bo número de actividades ideadas para seren resoltas en pares, en pequenos grupos ou en gran grupo xunto con outras que implican ao grupo clase ou ao grupo nivel; en último lugar, son ampliábeis, por suposto, ao traballo con grupos de niveis educativos diferentes.

Moitas destas actividades admiten outro tipo de agrupamentos segundo o criterio do/da docente, polo que se reuniron baixo a etiqueta “Agrupamento flexíbel”.

6.MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

Neste curso vaise traballar preferentemente cun libro de texto cuxa referencia é a seguinte:

Lingua galega e literatura. 1ºESO.Baía Edicións.2015.
ISBN:978-84-9995-167-6

Cada alumna e alumno terá un caderno de traballo específico para a asignatura.

Manexaremos os ordenadores para traballar con todas aquelas páxinas web que poidan servir de complemento a aquelas actividades que se estean a desenvolver na aula nese momento.

Consultaremos calquera referencia bibliográfica, xornalística pertinente para a aula.

Faremos lecturas colectivas de textos que procuraremos na rede .

O alumnado terá que ler , individualmente, un libro por trimestre. Terá que escoller entre catro e vaise procurar que sexan títulos atractivos e que se poidan conseguir facilmente na biblioteca.

7-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN , A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A diario na aula irase comprobando o grao de atención e comprensión do alumnado.

O alumnado deberá ter una actitude positiva cara ó galego, o seu estudo e traballar e participar diariamente nos procedementos que se estean a realizar.

O profesorado recollerá información deste punto na súa libreta así como da realización das tarefas que o alumnado deberá realizar na casa e das que deberá dar conta na aula.

Realizaremos probas escritas .No primeiro trimestre unha por cada unidade para ir vendo o grao de comprensión e de traballo do alumnado. Xa no segundo e no terceiro trimestres farase un exame por cada dúas unidades.

O conxunto de probas escritas valerá ata un total de 7 puntos no conxunto da avaliación.

Valorarase a oralidade : expresión en galego, con 1 punto.Esta avalíase a partir da práctica diaria na aula e tamén na proba oral do libro ou probas específicas que se programen no decorrer do curso.

Será obrigatoria a lectura dun libro por trimestre que se valorará ata o máximo de 1 punto.Para demostrar que leu o libro o alumnado realizará unha proba oral.Nesta proba avalíase o dominio da lingua , por un lado; e por outro a comprensión lectora.

Tamén se contempla a posibilidade de que o alumnado lea outro libro ou fragmentos de libros, de que faga pequenos traballos de investigación , todo iso mais o traballo de clase e o traballo da casa valorarase ata o total de 1punto.

- Non se farán recuperacións porque se programa como avaliación continua pero si se contempla a posibilidade de facer un reforzo personalizado naqueles aspectos e con aqueles alumnos /as que o profesorado estime necesario,sobretudo se son repetidores.

- As dúas probas escritas farán media, pero nunca con menos de 3,5, e a media das dúas debe **acadar o cinco** ,que supón un **3,5 na nota global da avaliación unha vez calculado o 70%**.

Contémplase a posibilidade dun exame final en Xuño ,como medida extraordinaria.

O exame de Setembro farase sobre os contidos mínimos .

8.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

| | 1 | 2 | 3 | 4 |
|--|---|---|---|---|
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

8.2.
INDI
CAD
ORE

S DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE:

| | Escala | | | |
|---|--------|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |

9.ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Neste nivel non hai pendentes .

11-DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Deseñouse unha proba escrita para comprobar o nivel de comprensión lectora; de vocabulario e de expresión escrita.Os coñecementos de sintaxe e de gramática avalíanse con exercicios tirados do libro e comentados na aula.Importante tamén é a proba oral para analizar o nivel de destreza no uso oral da lingua e o nivel de prexuízo co que o alumnado se achega á lingua.

Os resultados destas probas servirán como punto de partida no nivel de primeiro. Tamén se terán en conta para ofrecer clases de reforzo a aquel alumnado con máis problemas.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cada vez máis contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Segundo o *Decreto 86/2015* debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas que:

- Presenten dificultades específicas de aprendizaxe.
- Teñan trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- teñan altas capacidades intelectuais.
- Se viran obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Posúan condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

Os principios básicos para o tratamento co alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios as actividades de aprendizaxe integradas que se ofrecen en todas as unidades responden a tipoloxías e agrupamentos variados –favorecendo en moitos casos os agrupamentos flexíbeis– e gradadas en dificultade. O proxecto deseñado para o 1.º curso de ESO conta tamén con material complementario destinado ao reforzo e á ampliación que pode ser utilizado co alumnado neste curso 2019-2020.

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN EN 1º DE ESO.

Segundo o establecido no *Decreto 86/2015, de 25 de xuño polo que se regula o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* os elementos transversais que deben traballarse a través de todas as materias son os seguintes:

- Comprensión lectora.
- Expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Tecnoloxías da información e da comunicación.
- Emprendemento.
- Educación cívica e constitucional.

Alén disto, tamén son considerados elementos transversais a ter en conta tanto na programación como no desenvolvemento das aulas os seguintes valores e conceptos:

| | |
|-----------------------------|--|
| Igualdade e respecto | <ul style="list-style-type: none"> – Igualdade efectiva entre homes e mulleres – Prevención da violencia de xénero – Prevención da violencia contra persoas con discapacidade – Igualdade de trato e non discriminación – Prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia |
| | <ul style="list-style-type: none"> – Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos nos ámbitos persoal, familiar e social – Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, o respecto ás persoas con discapacidade, o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia |
| | <ul style="list-style-type: none"> – Evitación de comportamentos e de contidos sexistas – Evitación dos estereotipos que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual |
| Emprendemento | <ul style="list-style-type: none"> – Fomento das participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa e o traballo en equipo, a confianza nun/nunha mesmo/a e o sentido crítico |
| Educación viaria | <ul style="list-style-type: none"> – Promoción de accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico con fin de divulgar entre o alumnado dos seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías como peóns, viaxeiros/as e condutores/as, o respecto polas normas e os sinais para así favorecer a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía de modo que se tenda á evitación dos accidentes de tráfico e das súas secuelas |

Todos estes aspectos aparecen amplamente representados tanto nos contidos como nos textos, nos exemplos e nas actividades . Non obstante, tamén consideramos esenciais para o desenvolvemento do alumnado como cidadáns e cidadás plenamente conscientes dos seus dereitos e dos seus deberes e como individuos inseridos na nosa sociedade a presenza doutros elementos transversais non explicitados neste apartado do currículo, aínda que si

forman parte, por exemplo, do deseño de competencias; así, tamén incluímos materiais que abordan o tratamento da ecoloxía e o respecto polo medio, a educación dos/das consumidores/as, a educación para a saúde e a educación para o lecer.

Neste curso será moi importante aprender a convivir coa pandemia da COVID e o respecto e a interiorización das normas especificadas nos protocolos.

14.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO DE GALEGO

Ver cadro da páxinaonde se reflexan as actividades programadas para todo o ano e para todos os niveis.

15-MECANISMOS DE REVISIÓN ,DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Ver páxina ...no último capítulo desta programaciónl.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE 2º ESO

1-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Ver páxinas iniciais desta programación.

2-CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

Competencias clave

As competencias veñen definidas pola Unión Europea (*Recomendación do Parlamento europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, 2006/962/CE*) como “unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes adecuadas ao contexto. As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoais, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. A Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) determinou a través do informe *Definición e selección de competencias* (1999, 2003) que unha competencia é “a capacidade de responder demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada” dado que “supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz”.

A introdución do concepto de “competencias clave para a aprendizaxe permanente” implica unha total renovación do proceso de ensino-aprendizaxe posto que o foco da educación se traslada desde a adquisición de contidos propia dun sistema de ensino tradicional até o “saber facer” promulgado polas competencias. O coñecemento como ben abstracto deixa de ter sentido se non conta cunha adecuada transferencia á práctica . Esta renovación pretende, ademais, potenciar entre a cidadanía o modelo educativo da aprendizaxe ao longo de toda a vida.

Ao tempo, a *Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente (2006/962/CE)* delimita un total de sete temas comúns ao marco de referencia competencial que deben ser tidos en conta para mellorar o proceso de adquisición de competencias e para favorecer a mencionada aprendizaxe ao longo de toda a vida.

- Pensamento crítico.
- Creatividade.
- Capacidade de iniciativa.
- Resolución de problemas.
- Avaliación de riscos.
- Toma de decisións.
- Xestión construtiva dos sentimentos.

A Unión Europea reconece oito competencias básicas: comunicación en lingua materna, comunicación en linguas estranxeiras, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido da iniciativa e espírito de empresa e conciencia e expresión culturais.

Pola súa parte o Ministerio de Educación, cultura e deporte (*Orde ECD/65/2015*) e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (*Decreto 86/2015*) recoñecen as seguintes sete competencias:

8. Comunicación lingüística (CCL)².
9. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
10. Competencia dixital (CD).
11. Aprender a aprender (CAA).
12. Competencias sociais e cívicas (CSC).
13. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
14. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A aprendizaxe baseada en competencias debe caracterizarse pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. Todas as materias deben traballar todas as competencias e ter como fin último a consecución de todas elas no seu máis alto grao, proceso que se desenvolverá ao longo de toda a vida.

A necesidade de traballar as competencias de forma transversal, dinámica e integral motiva que o traballo docente se desenvolva a través de situacións de aprendizaxe e de actividades de aprendizaxe integradas. Estes dous elementos resultan de particular utilidade nas materias do ámbito lingüístico e, nomeadamente, no caso da materia de Lingua Galega e Literatura. As situacións de aprendizaxe desenvólvense no noso libro, principalmente, a través dos bloques de Expresión Escrita e de Expresión Oral que forzan o alumnado á activación dun elevado número de recursos e destrezas tanto activas como pasivas.

Resumimos, a seguir, os elementos definitorios (clasificados en coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes e valores) das competencias clave segundo a *Orde ECD/65/2015 pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato*.

| | | |
|-----|--------------|---|
| CCL | Coñecementos | <ul style="list-style-type: none"> – Sobre o compoñente lingüístico: léxico, gramática, semántica, fonoloxía, ortografía e ortoépica. – Sobre o compoñente pragmático-discursivo –que inclúe as dimensións sociolingüística, pragmática e discursiva– e o sociocultural –coñecemento do mundo e dimensión intercultural–. |
| | Destrezas | <ul style="list-style-type: none"> – Lectura. – Alfabetización múltiple. |
| | | <ul style="list-style-type: none"> – Respecto á normas de convivencia. – Exercicio activo da cidadanía. |

² Neste documento empregaremos as siglas que aquí aparecen para abreviar as competencias por seren as que se utilizan no *Decreto 86/2015*. Con todo, no noso libro de texto usamos unha clave simplificada cuxa lenda aparece no pé de páxina de todas as fichas de Reforzo de competencias.

| | | |
|-------|--------------|--|
| | Actitudes | <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento dun espírito crítico. - Respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo. - Concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos. - Curiosidade, interese e creatividade cara á aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes tales como a lectura, a conversa, a escritura etc. como fontes de pracer relacionadas co desfrute persoal e cuxa promoción e práctica son tarefas esenciais no reforzo da motivación cara á aprendizaxe. |
| CMCCT | Coñecementos | <ul style="list-style-type: none"> - Os números. - As medidas e as estruturas. - As operacións e as representacións matemáticas. - A comprensión dos termos e dos conceptos matemáticos. - A física. - A química. - A bioloxía. - A xeoloxía. - A tecnoloxía. |
| | Destrezas | <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación dos principios e procesos matemáticos en contextos sociais, persoais, profesionais ou científicos. - Emisión de xuízos fundados. - Seguimento de cadeas argumentais na realización de cálculos. - Análise de gráficos e representacións matemáticas. - Manipulación de expresións alxébricas. - Utilización e manipulación de ferramentas e máquinas tecnolóxicas. - Uso de datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo: identificación de preguntas, resolución de problemas, chegada a conclusións e toma de decisións baseadas en probas e argumentos. |
| | | <ul style="list-style-type: none"> - Rigor. - Respecto aos datos. - Veracidade. - Asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía. |

| | | |
|-----|--------------|---|
| | Actitudes | <ul style="list-style-type: none"> – Interese pola ciencia. – Apoio á investigación científica. – Valoración do coñecemento científico. – Sentido de responsabilidade en relación coa conservación dos recursos naturais e coas cuestións ambientais. – Adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nun contorno natural e social. |
| CD | Coñecementos | <ul style="list-style-type: none"> – Linguaxe específica básica: textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora, así como as súas pautas de decodificación e de transferencia. – Acceso ás fontes e ao procesamento de información. – Coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten as persoas no mundo dixital. |
| | Destrezas | <ul style="list-style-type: none"> – Aquelas relacionadas co acceso á información, co procesamento e uso para a comunicación, coa creación de contidos, coa seguridade e coa resolución de problemas en contextos formais, informais e non formais. – Uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñíbeis. – Avaliación e selección de novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas. |
| | Actitudes | <ul style="list-style-type: none"> – Actitude activa, crítica e realista cara ás novas tecnoloxías e aos medios tecnolóxicos. – Valoración das fortalezas e das debilidades da tecnoloxía. – Respecto de principios éticos no uso da tecnoloxía. – Participación e traballo colaborativo. – Motivación e curiosidade pola aprendizaxe. – Mellora no uso das tecnoloxías. |
| CAA | Coñecementos | <ul style="list-style-type: none"> – Sobre os procesos mentais implicados na aprendizaxe – Sobre o proceso de aprendizaxe persoal desde tres dimensións: <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento que ten o/a estudante acerca do que sabe o descoñece, do que é quen de aprender, do que lle interesa etc. • Coñecemento da disciplina en que se localiza a tarefa de aprendizaxe e o coñecemento do contido concreto e |

| | | |
|-----|--------------|---|
| | | <p>das demandas da propia tarefa</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento sobre as distintas estratexias posibles para afrontar a tarefa |
| | Destrezas | <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias de planificación que reflictan a meta de aprendizaxe perseguida. – Estratexias de supervisión que permitan examinar a adecuación das accións que se están desenvolvendo. – Estratexias de avaliación que analicen tanto o proceso como os resultados. |
| | Actitudes | <ul style="list-style-type: none"> – Motivación. – Confianza. |
| CSC | Coñecementos | <ul style="list-style-type: none"> – Códigos de conduta e usos xeralmente aceptados nas diversas sociedades e contornos. – Tensións sociais e grupos de cambio. – Conceptos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, á igualdade e á non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, á sociedade e á cultura. – Comprensión das dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas. – Percepción das identidades culturais e nacionais como un proceso sociocultural dinámico e cambiante, en interacción coa identidade europea. – Coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís así como a formulación destes dereitos nas Constitución española, na Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais e a súa aplicación institucional a escala local, rexional, nacional, europea e internacional. – Coñecemento dos acontecementos contemporáneos. – Coñecemento dos acontecementos máis destacados e das principais tendencias nas historias nacional, europea e mundial. – Comprensión dos procesos sociais e culturais de carácter migratorio que implican a existencia de sociedades multiculturais no mundo globalizado. |

| | | |
|--|-----------|--|
| | Destrezas | <ul style="list-style-type: none"> – Capacidade de comunicarse dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais. – Tolerancia. – Expresión e comprensión de puntos de vista diferentes. – Negociación sabendo inspirar confianza e sentir empatía. – Habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público. – Habilidade para manifestar solidariedade e interese por resolver os problemas que afecten ao contorno escolar e á comunidade. – Reflexión crítica e creativa. – Participación construtiva nas actividades da comunidade ou do ámbito mediato e inmediato. – Toma de decisións nos contextos local, nacional ou europeo, en particular, mediante o exercicio do voto e da actividade social e cívica. |
| | Actitudes | <ul style="list-style-type: none"> – Seguridade nun/nunha mesmo/a. – Integridade. – Honestidade. – Interese polo desenvolvemento socioeconómico e pola súa contribución a un maior benestar social da poboación. – Interese pola comunicación intercultural, a diversidade de valores e o respecto ás diferenzas. – Disposición a superar os prexuizos. – Pleno respecto dos valores humanos. – Vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis. – Manifestación do sentido da responsabilidade. – Comprensión e respecto dos valores compartidos necesarios para garantir a cohesión da comunidade. – Respecto dos principios democráticos. – Actividades cívicas. – Apoio á diversidade e cohesión social – Apoio ao desenvolvemento sustentábel. – Vontade de respectar os valores e a intimidade dos demais. – Recepción reflexiva e crítica da información procedente dos medios de comunicación. |

| | | |
|-------|--------------|---|
| CSIEE | Coñecementos | <ul style="list-style-type: none"> – Capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais. – Comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento das sociedades, as organizacións sindicais e empresariais. – Comprensión das liñas xerais económicas e financeiras. – Organización e procesos empresariais. – Deseño e implementación dun plan (a xestión de recursos humanos e/ou financeiros). – Postura ética das organizacións e coñecemento de como estas poden sr un impulso positivo, por exemplo, mediante o comercio xusto e as empresas sociais. |
| | Destrezas | <ul style="list-style-type: none"> – Capacidade de análise. – Capacidades de planificación, organización, xestión e toma de decisións. – Capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas. – Comunicación, presentación, representación e negociación efectivas. – Habilidade para traballar tanto individualmente como dentro dun equipo. – Participación, capacidade de liderado e delegación. – Pensamento crítico e sentido da responsabilidade. – Autoconfianza, avaliación e autoavaliación. – Manexo da incerteza e asunción e xestión do risco. |
| | Actitudes | <ul style="list-style-type: none"> – Predisposición a actuar dunha forma creadora e imaxinativa. – Autocoñecemento e autoestima. – Autonomía e independencia. – Interese e esforzo. – Espírito emprendedor. – Iniciativa, pro-actividade e innovación tanto na vida privada e social como na profesional – Motivación e determinación á hora de cumprir uns obxectivos tanto persoais como colectivos e/ou laborais. |
| | | <ul style="list-style-type: none"> – Sobre a herdanza cultural (patrimonio cultural, histórico-artístico, literario, filosófico, tecnolóxico, ambiental etc.) a |

| | | |
|------|--------------|---|
| CCEC | Coñecementos | <p>escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sobre a concreción da cultura en diferentes autores/as e obras, así como en diferentes xéneros e estilos, tanto das belas artes como doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. - Sobre técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas. - Identificación das relacións existentes entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade. - Sobre a evolución do pensamento, as correntes estéticas, as modas e os gustos. - Sobre a importancia representativa, expresiva e comunicativa dos factores estéticos na vida cotiá. |
| | Destrezas | <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación de diferentes habilidades de pensamento, perceptivas, comunicativas, de sensibilidade e de sentido estético para poder comprender, emocionarse e desfrutar coas manifestacións artísticas. - Iniciativa. - Imaxinación e creatividade expresadas a través de códigos artísticos. - Capacidade de empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos. - Habilidades de cooperación. - Toma de conciencia da importancia de apoiar e apreciar as contribucións alleas. |
| | Actitudes | <ul style="list-style-type: none"> - Interese, recoñecemento e respecto polas diferentes manifestacións artísticas e culturais, e pola conservación do patrimonio. - Valoración da liberdade de expresión, do dereito á diversidade cultural, do diálogo entre culturas e sociedades e da realización de experiencias artísticas compartidas. - Interese por participar na vida cultural e por comunicar e partillar coñecementos, emocións e sentimentos a partir de expresións artísticas. |

5.1. As competencias clave e a materia de Lingua Galega e Literatura

A materia de Lingua Galega e Literatura favorece a posta en práctica das competencias básicas e, por tanto, contribúe poderosamente ao seu

desenvolvemento no alumnado non só no que á competencia en comunicación lingüística se refire senón tamén canto ás seis restantes.

A seguir, presentamos unha breve xustificación de como pode a nosa materia contribuír ao proceso de desenvolvemento competencial retomando aqueles descritores das competencias anteriormente expostos que poden ser especificamente abordados desde a Lingua Galega e Literatura.

▪ **Comunicación lingüística**

Como xa sinalamos, resulta evidente que esta é a competencia á que máis e mellor pode contribuír a nosa materia. Por tanto, non cómpre incidirmos nos aspectos que poden ser postos en práctica a través de Lingua Galega e Literatura, mais si debemos sinalar que a plena competencia en comunicación lingüística precisa tamén de destrezas que permitan que certos saberes das áreas de lingua actúen como vasos comunicantes que faciliten o proceso de aprendizaxe do alumnado e que proporcionen, á fin, un mellor aproveitamento de determinados conceptos e estruturas.

Alén disto, hai que recalcar a relevancia do desenvolvemento da comprensión lectora. A lectura aparece integrada como habilidade básica desta competencia, mais tamén se lle recoñece o valor instrumental imprescindible para a consecución das restantes competencias e, en xeral, de calquera das actividades que garden relación non só coa educación, senón co desenvolvemento vital persoal.

- Coñecementos sobre o compoñente lingüístico (léxico, gramática, semántica, fonoloxía, ortografía e ortoépica), sobre o compoñente pragmático-discursivo e sobre o compoñente sociocultural.
- Desenvolvemento das estratexias de mellora da lectura e de comprensión lectora.
- Promoción de elementos que faciliten a alfabetización múltiple.
- Adquisición de valores como o respecto á normas de convivencia, o exercicio activo da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo e a concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos.
- Curiosidade, interese e creatividade cara á aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes como a lectura, a conversa, a escritura etc. como fontes de pracer relacionadas co desfrute persoal.

▪ **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Tradicionalmente esta foi unha das competencias cuxo desenvolvemento resultou desbotado desde as materias da área lingüística dado que se lles presupuña a estas unha menor capacidade de actuación; porén, o desenvolvemento do razoamento e do pensamento lóxico e a súa aplicación a tarefas claramente integradas nos nosos plans curriculares –como, por exemplo, a análise sintáctica– requiren claramente do desenvolvemento destas destrezas.

- Coñecementos sobre os números, a mellora das comprensión dos termos nos conceptos matemáticos, as representacións matemáticas como as gráficas
- Habilidades como a emisión de xuízos fundados, o seguimento de cadeas argumentais, a análise de gráficos e doutras representacións matemáticas, o uso de datos e de procedementos científicos para a consecución dun obxectivo que inclúa a chegada a conclusións e a toma de decisións seguindo un razoamento dedutivo
- O rigor, o respecto aos datos, a veracidade, a valoración do coñecemento científico etc.

▪ **Competencia dixital**

A competencia dixital é un dos eixos do desenvolvemento competencial necesario para desenvolverse como cidadán e cidadá activo e integrado na sociedade actual. Desde a materia de Lingua Galega e Literatura, da mesma maneira que desde as outras áreas lingüísticas, un dos puntos fortes do desenvolvemento desta competencia pasa por ofrecer ao alumnado destrezas de busca, de síntese e de análise de información, para alén do manexo competente de diferentes ferramentas e recursos informáticos.

- Adquisición de coñecementos sobre linguaxes e códigos específicos así como seus procesos de decodificación e de transferencia; acceso a fontes de información e establecemento de parámetros adecuados de busca, selección e procesamento da información.
- Interese por participar en traballos colaborativos, motivación e curiosidade pola aprendizaxe e tamén mellora do uso das tecnoloxías.

▪ **Aprender a aprender**

Aprender a aprender é unha das competencias con máis alto grao de transversalidade cuxa progresión nas destrezas que require garante a consecución dun obxectivo de alto nivel: o recoñecemento do alumno ou da alumna como aprendiz e a análise dos seus puntos fortes e das fraquezas que presenta no seu modo de abordar a nosa materia e as materias restantes.

A adquisición de destrezas suficientes nesta competencia asegura a consecución duns mecanismos de aprendizaxe eficaces e aplicábeis a todos os ámbitos vitais.

- Coñecementos sobre estratexias de resumo, análise e síntese que permiten o deseño de estratexias de aprendizaxe que permiten unha abordaxe eficaz de diferentes campos e saberes.
- Desenvolvemento de estratexias de planificación, supervisión e avaliación das tarefas levadas a cabo.
- Potenciación da motivación e da confianza.

▪ **Competencias sociais e cívicas**

Trátase dunha das competencias máis intrinsecamente relacionadas co currículo de Lingua Galega e Literatura, xa que a integración neste dos bloques de Lingua e sociedade e de Coñecemento literario fan que a explicación dun e doutro ámbito beban directamente das fontes da interpretación e de análise da sociedade en que se insiren.

Alén dos coñecementos directamente vinculados coa historia de Galiza, o tratamento desta competencia desde a nosa materia tamén debe ter con conta o desenvolvemento de actitudes cívicas claramente apreciábeis no decorrer diario das aulas e no desenvolvemento de actividades como, por exemplo, os debates.

- Adquisición de coñecementos relativos á vida segundo os parámetros dunha determinada sociedade; percepción das identidades culturais e nacionais como un proceso sociocultural dinámico e cambiante; coñecemento dos acontecementos contemporáneos e dos principais acontecementos históricos a nivel tanto local como mundial; comprensión dos fenómenos migratorios.
- Desenvolvemento das destrezas necesarias para comunicarse de forma eficaz en calquera ámbito social ou persoal; a capacidade de negociación; a realización de intervencións en público adecuadas; a reflexión crítica e creativa.
- Potenciación de actitudes como a autoconfianza, a integridade, o interese pola comunicación intercultural, a tolerancia, a disposición a superar preconceitos, o sentido da responsabilidade e a reflexión acerca das mensaxes transmitidas polos medios de comunicación.

▪ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Na sociedade actual resulta imprescindible formar persoas que dispoñan das ferramentas necesarias para se integraren nela como axentes activos e participativos, con capacidade para tomaren as súas propias decisións.

Ademais do factor directamente relacionado co desenvolvemento económico e empresarial, o tratamento desta competencia na nosa materia favorece o desenvolvemento da conciencia da avaliación de riscos e da toma de decisións e a capacidade de se comunicar de forma eficaz en calquera ámbito.

- Adquisición e mellora de destrezas como a capacidade de análise e de planificación, a organización e a toma de decisións, a capacidade de adaptación ao cambio e a resolución de problemas, a adquisición de destrezas de comunicación e negociación efectivas, a habilidade para traballar individualmente ou dentro dun equipo, o desenvolvemento do pensamento crítico.
- Valores como a potenciación da creatividade e das solucións imaxinativas, a autoestima, a autonomía e o esforzo, a motivación á hora de cumprir uns obxectivos sexan estes persoais, académicos ou laborais.

▪ **Conciencia e expresións culturais**

Finalmente, a competencia en conciencia e expresións culturais, ao igual que acontece coa competencias sociais e cívicas, mantén unha relación máis estreita da nosa materia co currículo. O achegamento ao feito literario, o estudo de épocas e períodos artísticos tanto propios como vinculante coa historia europea constitúen unha parte importante da nosa materia.

Alén do coñecemento sobre os xéneros literarios, os seus códigos estéticos e o seu desenvolvemento histórico, esta competencia tamén se practica mediante a creación de textos de intención literaria.

- Adquisición de coñecementos de historia da cultura desde diferentes disciplinas artísticas incluída a literatura, o coñecemento de autores/as, obras e estilos representativos incluíndo o coñecemento de autores/as actuais, a identificación das relacións entre as manifestacións artísticas e as sociedades en que se insiren, os coñecementos sobre a evolución das ideas estéticas e dos gustos e convencións.
- Potenciación da imaxinación e desenvolvemento do pensamento creativo, traballo en equipo, iniciativa.
- Actitudes como a valoración da liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural, o respecto polas diferentes manifestacións culturais e artísticas e o interese por participar da vida cultural da comunidade.

3-CONCRECIÓN , DE SER O CASO, DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

3.1. Obxectivos xerais de etapa (*Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*).

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2. Contribución da materia de Lingua Galega e Literatura á consecución dos obxectivos xerais de etapa

O desenvolvemento da LOMCE implica a desaparición dos obxectivos de área e a implementación dos catorce obxectivos xerais incluídos no apartado anterior, aos cales deben contribuír activamente todas as materias que conforman a ESO.

As materias do ámbito lingüístico están excepcionalmente dotadas para axudar á consecución dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria, xa que, alén dos contidos curriculares que lles corresponden de forma directa, a integración doutro tipo de contidos mediante textos, debates, actividades de creación literaria etc. resulta especialmente doada e facilita o desenvolvemento de situacións de aprendizaxe que, á súa vez, posibilitan enfoques metodolóxicos diversos.

Así mesmo, a estreita vinculación que se establece cos contidos relacionados coa situación sociolingüística e coa historia de Galiza a través de bloques como o de Lingua e sociedade ou Coñecemento literario facilitan a consecución de obxectivos específicos da nosa comunidade e a transferencia de coñecementos entre diferentes materias.

A materia de Lingua Galega e Literatura eríxese como unha das ferramentas máis útiles á hora de desenvolvermos tarefas integradas que aborden múltiples aspectos das secuencias didácticas e que permitan a posta en práctica de destrezas adquiridas nas diferentes materias, o cal a define, en esencia, como un vehículo perfecto para a adquisición das competencias clave e a consecución dos obxectivos de etapa.

4-CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE :

4.1 TEMPORALIZACIÓN

TEMPORALIZACIÓN

1º AVALIACIÓN:

UNIDADES: DA 1 Á 4.

2º AVALIACIÓN:

UNIDADES : DA 5 Á 8.

3º AVALIACIÓN:

UNIDADES: DA 9 Á 12.

4.2 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

CONTIDOS MÍNIMOS:

BLOQUE 1.COMUNICACIÓN ORAL.ESCOITAR E FALAR (*presentar unha persoa, saudar e despedirse; dar os parabéns e agradecer; expresar sorpresa e incredulidade; describir; mudar de tema; persuadir; expresar coincidencia e indiferenza; pór exemplos; pedir e facer aclaracións; pór condicións; calmar o /a interlocutor/ora*).

BLOQUE 2.COMUNICACIÓN ESCRITA.LER E ESCRIBIR(*propiedades textuais: adecuación; coherencia; cohesión. Estrutura narrativa; estrutura descritiva; estrutura persuasiva-argumentativa; estrutura expositivo-explicativa; estrutura obrigativo-instrucional; estrutura dialogada e monologada; portada dun xornal; textos xornalísticos informativos; textos xornalísticos de opinión.*

Redacción dos seguintes textos: un convite; un chío; un fanfiction; das regras de xogo; unha folla de reclamación; unha entrada dunha enciclopedia en liña; unha receita; un monólogo.)

BLOQUE 3.FUNCIONAMENTO DA LINGUA.(o alfabeto; sílabas; acentuación;acentuación diacrítica;puntuación.punto, vírgula e punto e vírgula,dous puntos, puntos suspensivos e sinais de interrogación e de exclamación, trazo curto, medio e longo, parénteses e aspas.Usos de b e v, uso de h, uso de s/x; grupos consonánticos.

Substantivo; adxectivo; pronome, artigo, demostrativo e posesivo; identificadores, cuantificadores, interrogativos, exclamativos, pronome persoal; verbos regulares, verbos irregulares, perífrases verbais; adverbios, preposicións , conxuncións.Funcións sintácticas e tipos).

BLOQUE 4.LINGUA E SOCIEDADE(linguas minoritarias e minorizadas;lusofonía; situación legal das linguas do Estado español; normalización lingüística; variedades lingüísticas; preconceitos lingüísticos)

BLOQUE 5. A LITERATURA (Xéneros literarios; literatura electrónica; subxéneros líricos: canción e oda; subxéneros narrativos: conto e novela; subxéneros narrativos: lenda; fábula;subxéneros dramáticos:comedia e traxedia; subxéneros didácticos: ensaio; literatura e cinema; literatura e videoxogos; literatura e outras artes.)

4.3 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Para este punto e para temporalización , grao mínimo de consecución por estándares , ver anexo 2.

5.CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

Procuramos en todo momento que as actividades propostas resulten variadas en tipoloxía (actividades estruturais, lúdicas, de creación e de corrección etc.) e gradadas segundo a súa dificultade, de modo que enfrontarse con elas sexa unha forma de asentar conceptos e supoña un reto real para o alumnado. Alén disto, tentamos integrar en todas as unidades actividades que obriguen á utilización de diferentes ferramentas TIC, á busca e ao procesamento de información a través de internet e doutras fontes documentais, á utilización do dicionario, á creación literaria, á resolución de problemas, á investigación, á exposición oral, ao desenvolvemento de proxectos etc.

Por outra parte, consideramos que o traballo individual é necesario en certas actividades que serven para asentar coñecementos moi concretos (ortografía, gramática etc.) e tamén noutras que favorecen o autoconhecimento e a expresión dos propios sentimentos (expresión da propia opinión, creación de textos de intención literaria etc.), mais somos conscientes da demanda da sociedade actual de profesionais que saiban traballar de modo colaborativo, de aí que todas as unidades contén cun bo número de actividades ideadas para seren resoltas en pares, en pequenos grupos ou en gran grupo, xunto con outras que implican ao grupo aula ou ao grupo nivel; en último lugar, son amplíabeis, por suposto, ao traballo con grupos de niveis educativos diferentes. Outras moitas destas actividades admiten outro tipo de agrupamentos segundo o criterio do/da docente.

De igual modo, resulta habitual o recurso a tarefas integradas, actividades máis amplas que permiten pór en practica diferentes coñecementos e destrezas do presente curso e de cursos anteriores, que integran saberes tanto transversais como pertencentes ás diferentes materias e que teñen por obxectivo a obtención dun produto final que favorece a impresión no alumnado de estar a facer algo cunha utilidade tanxíbel.

6-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

Canto aos **materiais**, traballarase con libro de texto :

Lingua galega e literatura, 2º ESO. Baía Edicións. Ano 2016.

ISBN:978-84-9995-194-2

O libro de texto será completado con material moi diverso e en distintos soportes:

- Fichas e cadernos de traballo.
- Presentacións dixitais preparadas pola profesora/profesor ou polo propio alumnado.
- Fontes bibliográficas diversas: dicionarios enciclopédicos, monografías de historia de Galiza, manuais de historia universal, coleccións de arte, atlas xeográficos, libros de divulgación, etc.

- Vídeos en DVD ou na rede.
- Páxinas web e blogs sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade.
- Selección de artigos de prensa ou documentos referidos á actualidade.
- Obras literarias axeitadas á idade e madurez intelectual do alumnado.
- Selección de textos literarios (poéticos, narrativos, ensaísticos e teatrais) para a súa lectura, análise e comentario.
- Murais temáticos.

No espazo web da propia editora do libro de texto encontraremos unha batería de materiais complementarios e actividades que poderán servir de punto de partida para que o alumnado faga un manexo enriquecedor das novas tecnoloxías.

7-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN , A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Os mecanismos que se van utilizar van ser :

- Ficha persoal do alumno para rexistrar: as tarefas, participación, traballo en grupo, hábitos...
- Probas escritas dos temas traballados.
- Posibilidade de realización de traballos literarios ou de investigación.
- Traballo diario e tamén en grupo.
- Teremos en conta o esforzo por aprender, a atención nas clases e o emprego espontáneo do galego.
- **O conxunto de probas escritas, un máximo de dúas por trimestre, valerá ata un total de 7 puntos no conxunto da avaliación.**
- Estas dúas probas farán media, pero nunca con menos de 3,5, e a media das dúas debe **acadar o cinco** ,que supón un **3,5 na nota global da avaliación unha vez calculado o 70%.**

Valorarase a oralidade :e avaliarase a partir da práctica diaria na aula e na proba oral de lectura.**Sumará ata o máximo de 1 punto.**

O traballo da clase , da casa e se for o caso de investigación, sumarán ata 1 punto.

Será obrigatoria a lectura dun libro por trimestre ,que se valorará ata 1 punto. Para demostrar que leu o libro o alumnado realizará probas orais. Nestas probas vaise avaliar tanto o comentario que o alumnado faga sobre o contido do libro, como a lingua que utiliza.

Contémplase a posibilidade do reforzo personalizado se a profesora o estima oportuno, sobre todo ,no caso dos repetidores.

Non hai recuperacións durante o curso , enténdese a avaliación de xeito progresivo e si se contempla a posibilidade , **de forma extraordinaria**, da realización dun exame final en xuño sobre contidos mínimos.

En setembro o exame farase sobre os contidos mínimos.

O alumnado de segundo que **teña pendente** a asignatura nun nivel inferior terá un seguimento especial do seu rendemento no nivel no que se atopa , incluída a posibilidade de realización dalgún traballo específico, se se estimar oportuno, e será cualificado da pendente de primeiro a partir do traballo e dos resultados en segundo.

8-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

8.1. INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO:

| | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |

| | | | | |
|--|--|--|--|--|
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

8.2. INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE:

| | Escala | | | |
|--|--------|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |

| | | | | |
|---|--|--|--|--|
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |

9-ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

O alumnado de segundo que **teña pendente** a asignatura nun nivel inferior terá un seguimento especial do seu rendemento no nivel no que se atopa , incluída a posibilidade de realización dalgún traballo específico, se se estimar oportuno, e será cualificado na pendente tendo en conta os seus resultados en segundo.

11-DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

4. **Competencia social e cidadá (CSC):** Comprender a situación da propia lingua axuda a apreciar a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos e como unha riqueza para a Humanidade. Tomar conciencia do protagonismo social e individual á hora de transformar a realidade, contribuíndo ao proceso de valorización do idioma e da súa normalización social, leva consigo a adquisición dunha posición activa dentro da sociedade e do devenir da mesma.
5. **Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT):** Contribuirase ao coñecemento e análise das transformacións industriais e tecnolóxicas e as súas repercusións, positivas e negativas, sobre a vida humana e do planeta en xeral. O respecto e coidado do medio, o uso responsábel dos recursos naturais, o consumo racional e crítico son elementos para a calidade de vida. Unha visión crítica co discurso antropocéntrico e o desenvolvemento das ferramentas cognitivas (lingüísticas e interpretativas) permitirán tomar decisións con autonomía e iniciativa nun mundo onde os cambios científicos e tecnolóxicos teñen unha influencia decisiva na vida individual e colectiva.
6. **Conciencia e Expresións Culturais (CEC).** Favorécese o coñecemento, comprensión e valoración crítica das manifestacións culturais e artísticas e a súa utilización como fonte de enriquecemento persoal e de goce, valorando a súa protección e conservación como

parte do patrimonio dos pobos. O estudo da historia da lingua e da literatura contribúe ao coñecemento básico de diferentes obras e manifestacións destacadas do patrimonio cultural, ao mesmo tempo que capacita para identificar as relacións existentes entre esas manifestacións e a sociedade e as persoas que as crearon. Permite coñecer os diferentes estilos artísticos e literarios que se sucederon na ao longo da Historia, nomeadamente nos períodos medieval, moderno e contemporáneo.

7. **Autonomía e Iniciativa Persoal (AIP).** Contribúese a que o alumnado sexa quen de deseñar, artellar, desenvolver e avaliar accións e proxectos, individuais ou colectivos, con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

3. a. OBXECTIVOS XERAIS PARA 1º BACHARELATO

- a) Exercer a cidadanía democrática desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galiza, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma, desenvolver o seu espírito crítico e ser quen de prever e resolver pacífica e dialogadamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina intelectual, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e

- como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
 - f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
 - g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación (TICs).
 - h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
 - i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
 - l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
 - m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
 - n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
 - o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
 - p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galiza e contribuír activamente á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3. b. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 1º BACHARELATO

1. Producir textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.

2. Elaborar exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rico e rigoroso.
3. Respetar e aplicar as normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
4. Ler comprensivamente.
5. Analizar e comentar textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios desta etapa.
6. Pescudar, seleccionar e integrar información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas, polas tecnoloxías da información e por outras fontes.
7. Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e o esforzo e o compromiso individual e colectivo a prol da normalización lingüística.
8. Amosar interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de enriquecemento e satisfacción persoais.
9. Analizar e reflexionar sobre obras e fragmentos de diversos períodos literarios.
10. Comprender e reflexionar sobre os principais conceptos de lingüística xeral que teñen que ver coa comunicación e a linguaxe: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico, funcionalidade lingüística e disciplinas lingüísticas.
11. Identificar os distintos tipos de rexistro lingüístico e as súas manifestacións lingüísticas.
12. Aplicar ás producións propias os coñecementos sobre os rexistros, así como identificalos e analizalos en producións alleas.
13. Recoñecer a presentación e a corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicarse ás producións propias.
14. Repasar casos de ortografía dubidosa.
15. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo e adxectivo, explicar os seus usos e valores nos

textos.

16. Recoñecer e identificar os trazos característicos doutras palabras adnominais (artigo, demostrativo, posesivo, cuantificadores e identificadores), así como a súa tipoloxía.
17. Recoñecer e identificar as características lingüísticas do verbo e os seus usos (a conxugación verbal regular e irregular, as perífrases verbais, o infinitivo conxugado).
18. Caracterizar (intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas), identificar e producir textos descritivos, narrativos, argumentativos, expositivos e dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso.
19. Identificar as características lingüísticas e a tipoloxía dos conectores (preposicións, conxuncións e locucións prepositivas).
20. Empregar adecuadamente conectores para dotar de coherencia as propias producións.
21. Recoñecer e identificar as características lingüísticas dos adverbios e conxuncións adverbiais, a súa tipoloxía e os seus usos.
22. Aplicar ás producións propias, orais e escritas os coñecementos e destrezas sobre ortografía, morfosintaxe e gramática textual.
23. Comprender e describir o proceso de formación do idioma galego e das demais linguas romances a partir do latín.
24. Identificar os elementos constitutivos do galego procedentes do substrato e do superestrato, así como do estrato latino.
25. Recoñecer as principais evolucións fonéticas que se producen no proceso de transformación do latín ao galego.
26. Distinguir e empregar adecuadamente os cultismos, semicultismos e as palabras patrimoniais.
27. Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego en distintas etapas da súa historia (medieval, séculos XVI, XVII e XVIII e período do Rexurdimento, no século XIX) e ser quen de

- localizalas e analizalas en textos.
28. Identificar e describir os principais factores relativos ao contexto histórico, social, político, filosófico, relixioso, etc. que condicionan e determinan a evolución social e de usos do idioma galego en distintas etapas da súa historia (medieval, séculos XVI, XVII e XVIII e período do Rexurdimento, no século XIX).
 29. Coñecer e valorar a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.
 30. Comprender e empregar adecuadamente nas análises os conceptos básicos da sociolingüística.
 31. Definir con rigor os conceptos de “literatura” e “texto literario”.
 32. Caracterizar os diferentes xéneros literarios e analizar os seus principais recursos.
 33. Describir a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.
 34. Contextualizar sociohistórica e sociolingüísticamente textos literarios das diferentes etapas.
 35. Recoñecer e analizar textos da literatura medieval: a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (as cantigas de Santa María) e a prosa medieval.
 36. Recoñecer e analizar textos da literatura dos chamados Séculos Escuros e da Ilustración, así como da literatura popular oral.
 - 37.** Recoñecer e analizar textos literarios do século XIX, correspondentes ás fases do Pre-Rexurdimento e do Rexurdimento, en particular das principais figuras dese período: Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Pondal.

38.4. TEMPORALIZACIÓN

Os contidos están distribuídos en 15 unidades. Procurarase combinar unidades de gramática, sociolingüística e literatura en cada trimestre.

1º trimestre:

Introdución xeral á literatura galega.

O galego na Idade Media.

A literatura galego-portuguesa medieval. Cuestións xerais.

Lírica profana medieval. Cantigas amorosas.

Cantigas de burlas, xéneros menores, cantigas de Santa María e prosa medieval.

Lingua e comunicación.

O galego como lingua románica. Do latín ao galego.

O nome.

O texto descritivo.

Comentario crítico de textos.

Comentario de textos literarios.

2º TRIMESTRE:

Os Séculos Escuros e o Pre-Rexurdimento.

A literatura galega nos Séculos Escuros.

A lingua galega no tempo do Rexurdimento.

Claves do Rexurdimento. Os precursores.

Un mundo de linguas.

Os pronomes persoais, relativos, interrogativos e exclamativos.

O texto dialogal.

As palabras adnominais.

O texto expositivo.

Comentario crítico de textos literarios.

3º TRIMESTRE:

Rexurdimento pleno. Rosalía de Castro.

A poesía costumista na fin de século. A escola rosaliana.

O Rexurdimento pleno: Eduardo Pondal.

Curros Enríquez e a súa escola poética.

A prosa e o teatro do Rexurdimento.

O verbo.

O texto narrativo.

As formas non persoais do verbo.

O texto argumentativo.

Adverbios , preposicións e conxuncións.

4.CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:

4.1.TEMPORALIZACIÓN

4.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

| OBXECTIVOS, CONTIDOS E CCAA | | | COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | | |
|--|--|--|--|-----------------|---------|
| BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL.ESCOITAR E FALAR | | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe | TEMPORALIZACIÓN | MÍNIMOS |
| b d e | B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa. | B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais e audiovisuais. | LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. | 1º TRIMESTRE | × |
| | | | LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais. | 1º TRIMESTRE | |
| | | | LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza. | 1º TRIMESTRE | |
| b d e | B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo. | B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencias). | LGB1.2.1. Sintetiza o contido dun texto ou responde preguntas concretas relativas á comprensión de textos orais. | 1º TRIMESTRE | × |
| | | | LGB1.2.2. Comprende as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia. | 1º TRIMESTRE | × |
| | | | LGB1.2.3. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. | 1º TRIMESTRE | |
| | | | LGB1.2.4. escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral. | 1º TRIMESTRE | |
| b d e h | B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (entrevistas, documentais, series e películas). | B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación (entrevistas, documentais, series e películas). | LGB1.3.1. Recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas). | 1º TRIMESTRE | × |
| | | | LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social. | 1º TRIMESTRE | |
| | | | LGB1.3.3. Analiza e explica os recursos verbais e non verbais. | 1º TRIMESTRE | |
| a | B1.4. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, | B1.4. Desenvolver habilidades de escoita activa, para identificar | LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. | 1º TRIMESTRE | |

| | | | | | |
|-----------------------|---|---|---|-------------------------|---|
| b e m | cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto. | os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao texto.. | LGB1.4.2. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas. | 1º TRIMESTRE | |
| | | | LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. | 1º TRIMESTRE | |
| d e g i m | B1.5. Producción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público. | B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público. | LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| | | | LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| | | | LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| | | | LGB1.5.4. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| | | | LGB1.5.5. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| | | | LGB1.5.6. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| e g i l | B1.6. Presentación oral de textos expositivos e argumentativos, do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural. | B1.6. Expor oralmente con rigor e claridade un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. | LGB1.6.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical. | 2º TRIMESTRE | × |
| | | | LGB1.6.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín. | 2º TRIMESTRE | |
| | | | LGB1.6.3. Emprega recursos verbais e non verbais en textos expositivos. | 2º TRIMESTRE | |
| | | | LGB1.6.4. Adecúa o texto segundo a intención comunicativa, o tema e o xénero textual. | 2º TRIMESTRE | |
| e h | B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención | B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa | LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | Ó LONGO DO CURSO | × |

| | | | | | |
|------------------|--|--|---|-------------------------|---|
| | comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). | Ó LONGO DO CURSO | |
| | | | LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| | | | LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| a b e m | B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. | B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. | LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. | 3º TRIMESTRE | × |
| | | | LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| a b e m | B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros. | B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal. | LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| b d e | B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas. | B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas. | LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| | | | LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| b e | B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| | | | LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| | | | LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |

Bloque 2: Comunicación Escrita. Ler e escribir

| OBXECTIVOS, CONTIDOS E CCAA | | | COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | | |
|-----------------------------|---|--|---|-------------------------|---------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe | TEMPORALIZACIÓN | MÍNIMOS |
| b f h | B2.1. Aplicación de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade. | B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade. | LGB2.1.1. Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. | 1º TRIMESTRE | |
| | | | LGB2.1.2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe. | 1º TRIMESTRE | |
| | | | LGB2.1.3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto. | 1º TRIMESTRE | |
| | | | LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| b h | B2.2. Planificación e produción de textos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas gramaticais e ben presentados. | B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación. | LGB2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | × |
| | | | LGB2.2.2. Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro. | 1º TRIMESTRE | |
| | | | LGB2.2.3. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | × |
| | | | LGB2.2.4. Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | × |
| | | | LGB2.2.5. Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | × |

| | | | | | |
|------------------|--|---|---|-------------------------|---|
| b d e h | B2.3. Comprensión, produción e síntese de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural (dicionarios, glosarios e enciclopedias). | B2.3. Comprender, producir e sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. | LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaios). | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| | | | LGB2.3.2. Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. | 2º TRIMESTRE | × |
| | | | LGB2.3.3. Sintetiza e distingue as ideas principais e as secundarias de textos de carácter expositivo e argumentativo propios do ámbito educativo. | 2º TRIMESTRE | × |
| | | | LGB2.3.4. Analiza os recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e valóraos en función da intención comunicativa do/da autor/a, do tema e do xénero textual. | 2º TRIMESTRE | |
| | | | LGB2.3.5. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| | | | LGB2.3.6. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| b c d h | B2.4. Comprensión, produción e valoración de textos procedentes dos medios de comunicación social tanto os publicitarios como os periodísticos de carácter informativo e de opinión. | B2.4. Comprender, producir e valorar de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión. | LGB2.4.1. Comprende, produce e valora de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión. | 3º TRIMESTRE | |
| | | | LGB2.4.2. Interpreta as mensaxes publicitarias e recoñece os elementos de persuasión dos anuncios. | 3º TRIMESTRE | × |
| | | | LGB2.4.3. Identifica e rexeita as ideas e os usos lingüísticos discriminatorios dos textos publicitarios. | 3º TRIMESTRE | |
| b f h | B2.5. Análise dos textos descritivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas. | B2.5. Caracterizar, identificar e producir textos descritivos pertencentes a distintos ámbitos de uso. | LGB2.5.1. Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e produce outros textos similares. | 1º TRIMESTRE | × |
| b f h | B2.6. Análise dos textos expositivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas. | B2.6. Caracterizar, identificar e producir textos expositivos pertencentes a distintos ámbitos de uso. | LGB2.6.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos. | 2º TRIMESTRE | |

| | | | | | |
|------------------|---|---|--|-------------------------|--|
| b f h | B2.7. Análise dos textos narrativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas. | B2.7. Caracterizar, identificar e producir textos narrativos pertencentes a distintos ámbitos de uso. | LGB2.7.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos. | 3º TRIMESTRE | |
| b f h | B2.8. Análise dos textos argumentativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas. | B2.8. Caracterizar, identificar e producir textos argumentativos pertencentes a distintos ámbitos de uso. | LGB2.8.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos argumentativos. | 2º TRIMESTRE | |
| b f h | B2.9. Análise dos textos dialogados: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas. | B2.9. Caracterizar, identificar, analizar e producir textos dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso. | LGB2.9.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos dialogados. | 3º TRIMESTRE | |
| b e f h | B2.10. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas ou dixitais e posterior organización e revisión dos textos cos recursos que ofrecen as TIC. | B2.10. Planificar, producir e revisar textos de investigación a partir da información obtida en fontes impresas e dixitais e con axuda dos recursos que ofrecen as TIC. | LGB2.10.1. Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| | | | LGB2.10.2. Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| | | | LGB2.10.3. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |

Bloque 3:funcionamento da lingua

| OBXECTIVOS, CONTIDOS E CCAA | | | COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | | |
|-----------------------------|--|--|--|-------------------------|---------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe | TEMPORALIZACIÓN | MÍNIMOS |
| e | B3.1. Coñecemento e reflexión sobre os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e disciplinas lingüísticas. | B3.1. Verificar o coñecemento formal e a capacidade de reflexión sobre a lingua que posúe o alumnado. | LGB3.1.1. Emprega os principais coñecementos de Lingüística Xeral para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos e para producir, compor e revisar textos propios e de temáticas diversas vinculados á comunicación e á linguaxe. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| | | | LGB3.1.2. Describe os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e diversas disciplinas lingüísticas. | 1º TRIMESTRE | |
| a b e | B3.2. Coñecemento dos diferentes rexistros lingüísticos e dos factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos e valoración da importancia de utilizar o rexistro adecuado en relación coa situación comunicativa. | B3.2. Recoñecer e utilizar os diferentes rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais valorando a importancia de usar o rexistro axeitado a cada momento. | LGB3.2.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa. | 1º TRIMESTRE | X |
| | | | LGB3.2.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e aplícao nas súas producións orais e escritas. | Ó LONGO DO CURSO | |
| a b c e | B3.3. Producción de textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección. | B3.3. Producir textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección. | LGB3.3.1. Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección. | Ó LONGO DO CURSO | |

| | | | | | |
|---|---|--|--|--------------|---|
| e | B3.4. Caracterización morfolóxica, semántica e sintáctica do substantivo e do adxectivo. | B3.4. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo e adxectivo, explicar os seus usos e valores nos textos. | LGB3.4.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa. | 1º TRIMESTRE | X |
| e | B3.5. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes (artigo, demostrativo, posesivo, interrogativos, exclamativos, cuantificadores e identificadores). | B3.5. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos. | LGB3.5.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. | 2º TRIMESTRE | X |
| e | B3.6. Recoñecemento, descrición e uso da categoría verbal e das perífrases verbais. | B3.6. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do verbo e as perífrases verbais e explicar os seus usos e valores nos textos. | LGB3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perífrases e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. | 3º TRIMESTRE | X |
| e | B3.7. Recoñecemento, observación, uso e explicación dos conectores textuais. | B3.7. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os diferentes conectores textuais. | LGB3.7.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto. | 3º TRIMESTRE | X |
| e | B3.8. Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais. | B3.8. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do adverbio e explicar os seus usos e valores nos textos. | LGB3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. | 3º TRIMESTRE | X |
| e | B3.9. Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes. | B3.9. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos. | LGB3.9.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. | 2º TRIMESTRE | X |

| | | | | | |
|-------------|--|---|---|------------------|--|
| b e h | B3.10. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | LGB3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais , evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Ó LONGO DO CURSO | |
| b e | B3.11. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | LGB3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | Ó LONGO DO CURSO | |

Bloque 4. Lingua e sociedade

| OBXECTIVOS, CONTIDOS E CCAA | | | COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | | |
|-----------------------------|---|--|---|-----------------|---------|
| Obxectivos | Contidos | Crterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe | TEMPORALIZACIÓN | MÍNIMOS |
| p | B4.1. Funcións sociais da lingua. | B4.1. Distinguir as funcións sociais da lingua e determinar a situación do galego respecto a elas. | LGB4.1.1. Distingue as funcións sociais da lingua e determina a situación do galego respecto a elas. | 1º TRIMESTRE | |
| p | B4.2. Diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica. B4.3. A lusofonía. B4.4. Multilingüismo e plurilingüismo. Lingua minoritaria e lingua minorizada. Conflito lingüístico e diglosia. Ecolingüismo. | B4.2. Describir a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica, determinar o papel da lusofonía, distinguir conceptos básicos de contacto de linguas e describir os fundamentos do ecolingüismo. | LGB4.2.1. Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica. | 2º TRIMESTRE | X |
| | | | LGB4.2.2. Determina o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI e a súa importancia cultural e económica desde a perspectiva galega. | 2º TRIMESTRE | X |
| | | | LGB4.2.3. Diferencia e explica os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria e lingua minorizada, conflito lingüístico e diglosia e describe os fundamentos do ecolingüismo. | 2º TRIMESTRE | X |
| p | B4.5. Historia da lingua: do latín ao galego; situación lingüística da Península antes da romanización; substrato e o estrato latino (principais evolucións fonéticas do latín ao galego). A Romanización e o nacemento das linguas romances; o superestrato. | B4.3. Describir a historia da lingua do latín ao galego e distinguir os elementos constitutivos deste. | LGB4.3.1. Describe a romanización e o nacemento das linguas romances. | 1º TRIMESTRE | |
| | | | LGB4.3.2. Identifica e describe os diferentes elementos constitutivos do galego ao longo da historia (substrato, estrato e superestrato). | 1º TRIMESTRE | X |
| p | B4.6. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e as familias léxicas irregulares. | B4.4. Recoñecer os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e citar exemplos, así como distinguir as familias léxicas irregulares e utilizalas correctamente. | LGB4.4.1. Recoñece os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e cita algún exemplo. | 1º TRIMESTRE | |
| | | | LGB4.4.2. Distingue as familias léxicas irregulares e utilízalas correctamente. | 1º TRIMESTRE | X |

| | | | | | |
|---|---|--|--|--------------|---|
| p | B4.7. Historia da lingua: o galego antigo (Idade Media), emerxencia e declive, características lingüísticas, contexto histórico e cultural, e situación sociolingüística. | B4.5. Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego antigo, o seu contexto e identificalo en textos. | LGB4.5.1. Identifica e describe as características lingüísticas fundamentais do galego antigo. | 1º TRIMESTRE | |
| | | | LGB4.5.2. Describir o contexto histórico e cultural do galego antigo así como a súa situación sociolingüística. | 1º TRIMESTRE | X |
| | | | LGB4.5.3. Identifica o galego antigo en documentos non literarios e literarios. | 1º TRIMESTRE | |
| p | B4.8. Historia da lingua: galego medio; dialectalización da lingua (séculos XVI, XVII e XVIII); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas. | B4.6. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describir o seu contexto e identificalo en textos. | LGB4.6.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describe o seu contexto e identifícao en textos. | 2º TRIMESTRE | |
| | | | LGB4.6.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego medio así como a súa situación sociolingüística. | 2º TRIMESTRE | X |
| | | | LGB4.6.3. Analiza a repercusión desta etapa de dialectalización da lingua no desenvolvemento posterior do galego. | 2º TRIMESTRE | X |
| | | | LGB4.6.4. Identifica o galego medio en documentos non literarios e literarios. | 2º TRIMESTRE | |
| p | B4.9. Historia da lingua: galego moderno (desde o século XIX ata 1916); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas. | B4.7. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916), describir o seu contexto e identificalo en textos, elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos anteriores a 1916. | LGB4.7.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916). | 2º TRIMESTRE | |
| | | | LGB4.7.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) así como a súa situación sociolingüística. | 2º TRIMESTRE | X |
| | | | LGB4.7.3. Analiza a repercusión da etapa de nacemento do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) no desenvolvemento posterior da lingua. | 2º TRIMESTRE | X |
| | | | LGB4.7.4. Identifica o galego moderno (desde o século XIX ata 1916) en documentos non literarios e literarios. | 2º TRIMESTRE | |
| | | | LGB4.7.5. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan textos anteriores a 1916. | 2º TRIMESTRE | |
| | | | LGB4.7.3. Analiza a repercusión da etapa de nacemento do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) no desenvolvemento posterior da lingua. | 2ºTRIMESTRE | |
| | | | LGB4.7.4. Identifica o galego moderno (desde o século XIX ata 1916) en documentos non literarios e literarios. | 2º TRIMESTRE | |
| | | | LGB4.7.5. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan textos anteriores a 1916. | 2º TRIMESTRE | |

Bloque 5. A literatura.

| OBXECTIVOS, CONTIDOS E CCAA | | | COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | | |
|-----------------------------|---|--|--|-------------------------|---------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe | TEMPORALIZACIÓN | MÍNIMOS |
| e n | B5.1. Definición dos conceptos "literatura" e "texto literario", caracterización dos diferentes xéneros e análise dos seus principais recursos formais e descrición da cronoloxía xeral da historia da literatura galega. | B5.1. Definir "literatura" e "texto literario", caracterizar os diferentes xéneros e analizar os seus principais recursos formais e describir a cronoloxía xeral da historia da literatura galega. | LGB5.1.1. Define "literatura" e "texto literario", caracteriza os diferentes xéneros e analiza os seus principais recursos formais e describe a cronoloxía xeral da historia da literatura galega. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| | | | LGB5.1.2. Compara textos de diferentes xéneros, caracterizándoos a partir dos seus trazos formais e estruturais definitorios. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| | | | LGB5.1.3. Adscribe á súa época autores/as e textos destacados da historia da literatura galega. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | X |
| e n | B5.2. Definición de "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, relación histórica da súa vitalidade e mais das principais manifestacións e compilacións realizadas nos diferentes períodos históricos ata a actualidade. | B5.2. Definir "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, historiar a súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos históricos ata a actualidade. | LGB5.2.1. Define "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, concreta a historia da súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos históricos ata a actualidade. | 2º TRIMESTRE | X |
| | | | LGB5.2.2. Le e comenta textos dos diferentes xéneros da literatura galega de tradición oral e identifica os seus principais trazos formais, estruturais e temáticos. | Ó LONGO DE TODO O CURSO | |
| e n | B5.3. A literatura medieval: contextualización sociohistórica e sociolingüística das súas orixes, definición das características principais e análise da lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval. | B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura medieval: contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente as súas orixes, definir as características principais e analizar a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval. | LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a literatura medieval: contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente as súas orixes, define as características principais e analiza a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval. | 1º TRIMESTRE | X |
| e d n | B5.4. Lectura de textos significativos da literatura medieval, identificación das súas características temáticas e formais e relación destas co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | B5.4. Ler textos significativos da literatura medieval, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da literatura medieval, caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | 1º TRIMESTRE | |

| | | | | | |
|-------------|---|---|---|---------------|---|
| e n | B5.5. A literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción desta etapa, e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais. | B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente a produción desta etapa, e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais. | LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente a produción desta etapa, e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais. | 2º TRIMESTRE | X |
| e d n | B5.6. Lectura de textos significativos da literatura do galego medio, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | B5.6. Ler textos significativos da literatura do galego medio, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da literatura do galego medio, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | 2º TRIMESTRE | |
| e n | B5.7. A literatura do Rexurdimento: contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais deste período. | B5.7. Identificar, analizar e describir a literatura do Rexurdimento: contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais deste período. | LGB5.7.1. Identifica, analiza e describe a literatura do Rexurdimento: contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais deste período. | 3º TRIMESTRE | X |
| e d n | B5.8. Lectura de textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | B5.8. Ler textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificando as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | LGB5.8.1. Le e comenta textos representativos da literatura do Rexurdimento (tanto do Prerrexurdimento como do Rexurdimento pleno e a literatura de comezos do século XX ata 1916), caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | 31º TRIMESTRE | X |

4.3 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

COMPETENCIAS CLAVE

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

CUALIFICACIÓN

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|------------------|--|--|---|---------------------|--|--|--|---|---|---|---|--|--|--|--|--|--|--|--|---|---|---|---|
| | emocións ao falar en público. | emocións ao falar en público. | LGB1.5.5. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público. | CCL CSC CSIEE | | | | x | | | | | | | | | | | | x | | | |
| | | | LGB1.5.6. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora. | CAA CD CCL | | | | x | | | | | | | | | | | | x | | | |
| e g i l | B1.6. Presentación oral de textos expositivos e argumentativos, do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural. | B1.6. Expor oralmente con rigor e claridade un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. | LGB1.6.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical. | CCL | | | | | x | | | | | | | | | | | x | | | |
| | | | LGB1.6.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín. | CCL | | | | | | x | | | | | | | | | | | x | | |
- Asemade, o alumnado que realice actividades voluntarias organizadas ou en colaboración co Departamento de Lingua Galega e Literatura, como por exemplo, participación en xornadas, concursos orais ou escritos, revistas en papel ou dixitais, blogs, recitais de poesía, verase recompensado cunha cualificación positiva na nota da avaliación.
- As probas, tanto orais como escritas, realizadas ao longo do trimestre para valorar a evolución do alumno/a e o seu grao de logro dos obxectivos.
- A avaliación aprobarase cunha cualificación mínima de 5.

Os/as alumnos/as que non alcancen este mínimo teñen a posibilidade de realizar nas semanas seguintes á avaliación aquelas probas ou actividades propostas polo profesorado para facelo, así como modificar actitudes ou hábitos de traballo na avaliación seguinte. Para aqueles que non superen a materia en xuño, haberá un exame extraordinario no mes de setembro.

CUALIFICACIÓNS

- Dúas probas escritas por cada trimestre.Valoraranse **ata un máximo de 7 puntos no conxunto da avaliación**. No 70% destas probas o alumnado acadará un 3,5 como mínimo.A esa nota sumaráselle os puntos restantes.
- Estas dúas probas farán media, pero nunca con menos de 3,5, e a media das dúas debe **acadar o cinco ,que supón un 3,5 na nota global da avaliación unha vez calculado o 70%**.
- Haberá exames de recuperación para aqueles exames que non cheguen ó 3,5.
- A oralidade en galego na práctica diaria da clase e na exposición de traballos así como na proba oral de lectura ,**sumará ata 1 punto**.
- Proba da lectura correspondente a cada trimestre (libro obrigatorio), na que , a través do comentario de diferentes aspectos do libro, se demostrará que se leu e que se comprendeu a obra. Este exame valorarase **ata un punto e sumarase á nota de avaliación**.
- Hai a posibilidade de facer unha lectura optativa. O alumno que faga esta lectura obterá ,se é o caso, un máximo de 0.5 na nota de avaliación.
- O alumnado deberá aprobar as tres avaliacións con alomenos un mínimo dun cinco ; se o alumno non superase as tres avaliacións,deberá ir ás probas extraordinarias de setembro.
- En setembro farase un exame de recuperación de carácter global.

8-CONTIDOS MÍNIMOS

Serán tidos en conta os seguintes contidos conceptuais:

Lingua e sociedade:

O nacemento do galego.

Caracterización básica das diferentes etapas da historia da lingua :

A lingua galega na Idade Media.O proceso de minorización do galego.

Séculos Escuros:as orixes do conflito lingüístico.Situación sociolingüística do XVIII.Os ilustrados.

Século XIX: a lingua galega no XIX(axentes da castelanización, institucións do estado centralista como motores da castelanización, valoracións sociais, âmbitos e niveis de uso do galego).

As variedades sociais e contextuais. A lingua estándar.

Estudo da lingua:

Coñecemento das diferentes clases de palabras, das características morfolóxicas das mesmas e dos seus usos e valores: o substantivo, o adxectivo,pronomes persoais relativos, interrogativos, exclamativos, artigos, demostrativos, posesivos, identificadores, ordinais, cuantificadores, o verbo, as formas non persoais do verbo,adverbios , preposicións, conxuncións.

Lectura comprensiva, comentario de textos descritivos, expositivos e argumentativos.

Produción de textos orais e escritos con coherencia, cohesión, adecuación ,presentación e corrección ortográficas.

Literatura:

A literatura medieval: orixes, autores e intérpretes, a tradición manuscrita, xéneros principais e subxéneros, características formais e de contido máis sobresaíntes.

Os Séculos : o labor dos Ilustrados.A literatura oral e popular.

O Rexurdimento: claves do Rexurdimento; períodos do Rexurdimento; obxectivos do Rexurdimento; ámbitos de actuación do Rexurdimento.

Rosalía de Castro:Obra literaria en galego.

Eduardo Pondal: obra poética de Pondal.Principais liñas temáticas.

Curros Enríquez:Obra poética.Principais liñas estéticas, temáticas e ideolóxicas da poesía de Curros.

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Non existe materia pendente neste nivel educativo.

10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE PODEN ADOPTAR.

A profesora ou profesor realizará unha avaliación inicial ao principio de curso. Estará deseñada para detectar as dificultades individuais e colectivas relacionadas coa materia de Lingua Galega e Literatura. Ao mesmo tempo, procurará descubrir tamén as potencialidades do alumnado, as súas cualidades, preferencias e afeccións para aproveitálas e poñelas en relación coa metodoloxía e ao servizo do éxito das actividades que se desenvolvan.

A avaliación inicial constará de varias partes que contemplarán a expresión oral, a fluidez e comprensión lectora, a expresión escrita e os aspectos referidos á historia da literatura, ao coñecemento da lingua e á sociolingüística que a profesora ou profesor achen convenientes. Co este fin non se realizará unha única proba, senón que se desenvolverán unha serie de actividades durante as primeiras sesións do mes de setembro. No deseño das mesmas non poderá faltar unha sesión de presentación oral dos integrantes do grupo-clase e a lectura en voz alta de algún texto que posteriormente servirá para traballar a comprensión e expresión escrita e outros aspectos.

Como xa se indicou anteriormente, na presente programación esta avaliación inicial deberá servir, entre outras cousas, para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias para o alumnado e darlles prioridade no desenvolvemento do currículo. Tamén servirá para diagnosticar posibles problemas individuais e deseñar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas e factibles dentro da organización docente do centro.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O Departamento de Lingua e Literatura Galega participará, sempre que sexa posíbel e o permita a dispoñibilidade horaria do profesorado adscrito ao mesmo, no proceso de atención á diversidade a través das clases de reforzo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Así mesmo, favorecerá a implantación e funcionamento de todas as medidas que dentro da organización académica do centro se poidan levar a cabo para atender as necesidades do alumnado que presente retraso académico. As actividades desenvolvidas contarán coa correspondente avaliación continua das aprendizaxes.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS.

A materia de Lingua galega e Literatura é unha disciplina privilexiada para o traballo dos elementos transversais. Prima as actividades de comprensión lectora, a expresión oral e escrita, de comunicación audiovisual, coas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas imprescindibles para o proceso de ensino-aprendizaxe.

As actividades relacionadas coa sociolingüística e a literatura son favorecedoras do emprendemento e a educación cívica. A

igualdade efectiva entre as persoas e a non discriminación por calquera circunstancia social ou persoal ten os seus mecanismos de aprendizaxe nas mesmas estratexias da análise sociolingüística. Ademais, o propio deseño do libro de texto do Consorcio Editorial Galego para 1º de Bacharelato que se usará como libro de texto explicita actividades en relación cos criterios de avaliación e os indicadores de logro referidos á igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como á prevención da violencia de xénero.

O coñecemento e a análise da situación sociolingüística e das diferentes etapas da historia da lingua e da literatura promoven a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos. Como exemplos sobranceiros podemos poñer os contidos curriculares e as actividades relacionadas coas obras literarias dos autores e autoras da Ilustración, dos precursores do Rexurdimento e coas figuras de Curros, Pondal e Rosalía.

En particular, o estudo da traxectoria e da obra literaria da autora dos *Cantares gallegos* e o achegamento á sociedade e á literatura medievais facilitarán, por exemplo, a reflexión sobre estereotipos que supoñen discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Favorécese así a visibilidade da realidade homosexual e todas aquelas opcións diferentes da convencional heterosexual.

A organización e o desenvolvemento curricular da materia de Lingua galega e Literatura procura a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Referímonos a actividades como recitais, representacións teatrais, debates, concursos de contacontos, xornadas sobre aspectos culturais, clubs de lectura, revistas e publicacións, etc.

Estas mesmas actividades favorecen o desenvolvemento da convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía, que servirán para solucionar con éxito situacións de conflito no ámbito escolar, familiar e social en xeral, ao mesmo tempo que contribúen a exercitar destrezas e adquirir valores que tenden a previr e evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E OS PROCESOS DE MELLORA.

Resulta obvio que cómpre realizar un seguimento da propia Programación Didáctica. Esta debe ser un documento completo, pero tamén flexible, para servir de ferramenta útil no proceso de ensino-aprendizaxe. A súa concreción variará en función de diversas circunstancias, especialmente das características e necesidades educativas do alumnado concreto co que se traballe cada curso. Para isto levaranse a cabo análises e valoracións, así como propostas de mellora en diferentes momentos do curso.

A principios do mesmo, a avaliación inicial ofrecerá uns valiosos datos para modificar os aspectos da presente Programación Didáctica que se consideren oportunos, co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará.

Nas reunións de Departamento realizarase periodicamente un seguimento do desenvolvemento da mesma. Para iso teranse en conta tanto a consecución dos obxectivos como o desenvolvemento das actividades.

Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Outro momento fundamental para a avaliación da presente Programación Didáctica será o final do curso. Para esa avaliación terase en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia Programación. En segundo lugar, valoraranse os resultados globais do alumnado. Para que a avaliación sexa máis completa, terase en conta o grao de satisfacción do profesorado coa mesma. Deste proceso avaliativo extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do vindeiro curso. Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente aqueles en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

PROGRAMACIÓN LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º DE BACHARELATO

1. INTRODUCCIÓN

As linguas son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. A través delas achegámonos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A formación lingüística é un instrumento que ten como obxecto capacitar para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e experiencias, en definitiva, sobre o mundo; é un medio para as relacións interpersoais e o recoñecemento da alteridade; é motor do noso pensamento e das nosas reflexións e porta de acceso ao coñecemento. O estudo da lingua debe facilitar os medios necesarios para comunicarse no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais; debe espertar, ademais, o interese e sensibilidade cara aos seus usos creativos e lúdicos e contribuír decididamente para o coñecemento e valoración do patrimonio literario e cultural que a lingua propicia.

A educación plurilingüe e intercultural adopta enfoques plurais transversais e integradores. A súa finalidade é promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

O tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega. Cómpre favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Aínda que cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, hai determinados aspectos do currículo que precisan seren abordados de maneira parella, empregando ademais as mesmas terminoloxías nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado, segundo contempla o artigo 8 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O tratamento dos contidos abordarase desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, neste currículo. A avaliación será competencial e terá en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe, detallados en cada bloque, e as competencias clave.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase estruturada en cinco bloques:

O bloque 1, "Comunicación oral. escoitar e falar", atende ao uso oral da lingua. Incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro e fóra da aula en contextos formais e informais.

O bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir", ocúpase da comprensión e a produción escrita.

O bloque 3, "Funcionamento da lingua", integra contidos relacionados co código e a súa organización e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua coa finalidade de capacitar para o seu uso correcto, sen concibir os coñecementos lingüísticos como fins en si mesmos.

O bloque 4, "Lingua e sociedade", pretende que o alumnado comprenda os procesos sociolingüísticos e identifique os

prexuízos para a súa superación. Así mesmo, persegue que recoñeza e empregue termos sociolingüísticos de xeito científico e preciso.

O bloque 5, "Educación literaria", asume como obxectivo facer do alumnado lectorado competente, que integre a lectura como mecanismo de comprensión do propio eu e da sociedade ao longo de toda a vida, a través do achegamento á historia da literatura galega, ás súas obras e aos seus autores e autoras máis salientables. Ademais, visa o recoñecemento deses produtos literarios coa propia historia de Galicia.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

1. **Competencia en comunicación lingüística (CCL):** A creación e interpretación de emisións orais, a lectura de textos de diversa índole, así como a composición de producións escritas planificadas sobre os temas propostos, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección ortográfica e cunha coidada presentación, amais da participación en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e a realización de producións orais planificadas, contribúen a un desenvolvemento activo das competencias en comunicación lingüística.

2. **Competencia para aprender a aprender (CAA):** a interacción dos contidos conceptuais estudados na clase coa lectura de textos de carácter literario, histórico ou documentais, reforza as estratexias cognitivas e permite unha adquisición pertinente e contextualizada dos citados contidos. A análise crítica de diferentes discursos contribúe a desenvolver estratexias para a comprensión do sentido literal e o significado implícito de calquera tipo de texto.

3. **Competencia dixital (CD).** A procura de información, non só escrita, senón tamén audiovisual, a través da rede e a elaboración, tratamento e presentación da información en formato dixital permite desenvolver esta competencia.

4. **Competencia social e cidadá (CSC).** Comprender a situación da propia lingua axuda a apreciar a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos e como unha riqueza para a humanidade. Tomar conciencia do protagonismo social e individual á hora de transformar a realidade, contribuíndo ao proceso de valorización do idioma e da súa normalización social, leva consigo a adquisición dunha posición activa dentro da sociedade e do devir da mesma.

5. **Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT).** Contribuírase ao coñecemento e análise das transformacións industriais e tecnolóxicas e as súas repercusións, positivas e negativas, sobre a vida humana e do planeta en xeral. O respecto e coidado do medio, o uso responsábel dos recursos naturais, o consumo racional e crítico son elementos para a calidade de vida. Unha visión crítica co discurso antropocéntrico e o desenvolvemento das ferramentas cognitivas (lingüísticas e interpretativas) permitirán tomar decisións con autonomía e iniciativa nun mundo onde os cambios científicos e tecnolóxicos teñen unha influencia decisiva na vida individual e colectiva.

6. **Conciencia e expresións culturais (CEC).** Favorécese o coñecemento, comprensión e valoración crítica das manifestacións culturais e artísticas, e a súa utilización como fonte de enriquecemento persoal e de goce, valorando a súa protección e conservación como parte do patrimonio dos pobos. O estudo da historia da lingua e da literatura contribúe ao coñecemento básico de diferentes obras e manifestacións destacadas do patrimonio cultural, ao tempo que capacita para identificar as relacións existentes entre esas manifestacións e a sociedade e as persoas que as crearon. Permite coñecer os diferentes estilos artísticos e literarios que se sucederon na Idade Media, na Moderna e na Contemporánea.

7. **Autonomía e Iniciativa Persoal (AIP).** Contribúese a que o alumnado sexa quen de deseñar, artellar, desenvolver e avaliar accións e proxectos, individuais ou colectivos, con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

Na presente programación aparecen relacionados os estándares de aprendizaxe avaliábeis coas competencias claves nas distintas unidades que compoñen o libro *Lingua galega e literatura 2º Bacharelato* da Editorial Baía, en cada un dos Bloques en que está organizada a materia, segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño de 2015, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. a. OBXECTIVOS XERAIS PARA 2º BACHARELATO

Os obxectivos xerais para 2º de Bacharelato son os seguintes:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita a cada alumno/a actuar de forma responsable e autónoma, desenvolver o seu espírito crítico e ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3. b. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 2º BACHARELATO

- Producir textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
- Elaborar exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso.
- Respectar e aplicar as normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
- Ler comprensivamente.
- Analizar e comentar textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios desta etapa.
- Pescudar, seleccionar e integrar información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas, polas tecnoloxías da información e por outras fontes.
- Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e o esforzo e o compromiso individual e colectivo a prol da normalización lingüística.
- Amosar interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal.
- Analizar e reflexionar sobre obras e fragmentos de diversos períodos literarios.
- Identificar os distintos tipos de rexistro lingüístico e as súas manifestacións lingüísticas.
- Aplicar ás producións propias os coñecementos sobre os rexistros, así como identificalos e analizalos en producións alleas.
- Recoñecer a presentación e corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicarse ás producións propias.
- Repasar casos de ortografía dubidosa.

- Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.
- Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.
- Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.
- Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.
- Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos, e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.
- Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.
- Aplicar ás producións propias, orais e escritas os coñecementos e destrezas sobre ortografía, morfosintaxe e gramática textual.
- Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.
- Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a súa historia.
- Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.
- Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.
- Identificar, analizar e describir a literatura galega desde principios do século XX ata a actualidade, en todos os seus xéneros e subxéneros e con todas as súas correntes estéticas sucesivas.
- Ler e comentar textos significativos da literatura galega desde principios do século XX á actualidade, identificar as súas características temáticas e formais e recoñecer a súa relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero a que pertencen.
- Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa do período literario referido.

4- TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS POR TEMAS.

1-TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

1º TRIMESTRE:

- **O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais.Contexto histórico e situación sociolingüística.**
- **Historia da normativización: a construción da variedade estándar.Interferencias e desviacións da norma.**
- **A poesía das Irmandades da Fala.Características, autores e obras representativas.**
- **A poesía de vangarda.Características, autores e obras representativas.**
- **A prosa do primeiro terzo do XX:as Irmandades e o Grupo Nós(narrativa, ensaio e xornalismo).**
- **O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.**
- **A estrutura da palabra.**
- **Ditongos e acentuación..**
- **Fonética e fonoloxía, os fonemas.**
- **Substantivo e adxectivo.**
- **Revisión da conxugación regular,irregular; infinitivo conxugado; participios; futuro de subxuntivo.**

2ºTRIMESTRE:

- O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36, a Promoción de enlace, a Xeración das Festas Mineravais.
- A prosa entre 1936 e 1975 : os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
- A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.
- O teatro galego entre 1936 e 1975: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
 - A literatura do exilio entre 1936 e 1975: poesía, prosa, teatro..
- O pronome persoal tónico e átono.
- As perífrases verbais.
- Introducción á gramática do texto.
- A semántica.

3º TRIMESTRE:

- O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
- O galego, lingua en vías de normalización.
- A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
- A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
- O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.
- As relacións semánticas.
- O verbo.
- As conxuncións.

4-CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE :

4.1 TEMPORALIZACIÓN

4.2 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

2º BACHARELATO
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

| OBXECTIVOS, CONTIDOS E CCAA | | | | |
|-----------------------------|--|--|--|--------------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe | TEMPORALIZACIÓN |
| | | | | |
| degh | B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa. | B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. Captar o sentido global, a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias. | LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza. | TODO O CURSO |
| dehi | B1.2. Comprensión interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo. | B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencia). | LGB1.2.1. Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación (charla ou conferencia sobre temas especializados do ámbito educativo). | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.2.2. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.2.3. escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral. | TODO O CURSO |
| degh | B1.3. Comprensión interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (xéneros informativos e de opinión, e da publicidade). | B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais xornalísticos e publicitarios. | LGB1.3.1. Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais. | SEGUNDO TRIMESTRE |
| | | | LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social. | SEGUNDO TRIMESTRE |
| | | | LGB1.3.3. Analiza os recursos verbais e non verbais que se empregan na publicidade para convencer os destinatarios ou destinatarias. | SEGUNDO TRIMESTRE |
| | | | LGB1.3.4. Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios. | SEGUNDO TRIMESTRE |

| | | | | |
|----------------------------|--|---|---|---------------------|
| a b e | B1.4. Desenvolvemento das habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto. | B1.4. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía, nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas. | LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.4.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. | TODO O CURSO |
| d e g h i m | B1.5. Produción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público. | B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público. | LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínguese ao tema e non divaga. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.5.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.5.5. Exprésase con facilidade e recorre a paráfrases ou circunloquios cando non encontra a expresión precisa. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.5.6. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.5.7. Tenta buscar a complicitade do público e demostra seguridade ao responder as preguntas do auditorio. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.5.8. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación adecuada á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | TODO O CURSO |

| | | | | |
|-----------------------|--|--|---|---------------------|
| e | B1.6. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | GB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | TODO O CURSO |
| e g h i | B1.7. Exposición oral de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural. | B1.7. Expor oralmente, con rigor e claridade, un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. | LGB1.7.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.7.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín. | TODO O CURSO |
| a b e | B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. | B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. | LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. | TODO O CURSO |
| a b c e m | B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros. | B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal. | LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais. | TODO O CURSO |
| b d e | B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en | B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer, en exposicións orais propias e alleas, as dificultades | LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada), e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. | TODO O CURSO |

| | | | | |
|---|--|--|---|---------------------|
| | exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas. | expresivas. | LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo. | TODO O CURSO |
| e | B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. | TODO O CURSO |
| | | | LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | TODO O CURSO |

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

| OBXECTIVOS, CONTIDOS E CCAA | | | | |
|-----------------------------|---|--|--|--------------------------|
| Obxectivos | Contidos | Cráterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe | TEMPORALIZACIÓN |
| b d f h | B2.1. Comprensión e produción de textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial con axuda de | B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, | LGB2.1.1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. | TODO O CURSO |
| | | | LGB2.1.2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. | SEGUNDO TRIMESTRE |

| | | | | |
|------------------|--|--|--|--------------------------|
| | estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos. | xornalístico, profesional e empresarial. | LGB2.1.3. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. | SEGUNDO TRIMESTRE |
| | | | LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e complementar as súas producións. | TODO O CURSO |
| b f h | B2.2. Planificación, produción e revisión de textos de distintos ámbitos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas morfolóxicas e gramaticais e ben presentados. | B2.2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación. | LGB2.2.1. Planifica os seus traballos seguindo unha orde predefinida e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final. | TODO O CURSO |
| | | | LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas. | TODO O CURSO |
| b d f h | B2.3. Produción de traballos educativos individuais e en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica e cultural. | B2.3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas controvertidos do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural. | LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical. | TODO O CURSO |
| | | | LGB2.3.2. Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal. | TODO O CURSO |
| | | | LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín. | TODO O CURSO |
| | | | LGB2.3.4. Organiza os contidos dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos. | TODO O CURSO |
| d f h | B2.4. Análise e comentario de textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial. | B2.4. Analizar e comentar textos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial. | LGB2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos. | SEGUNDO TRIMESTRE |
| | | | LGB2.4.2. Recoñece e explica a función no texto dos distintos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta. | SEGUNDO TRIMESTRE |
| b e f h | B2.5. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas e dixitais e posterior organización e revisión das producións cos recursos que ofrecen as TIC. | B2.5. Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e utilizar as TIC ao longo de todo o proceso de escritura, desde a planificación, organización e produción do texto á súa revisión e corrección final. | LGB2.5.1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo. | TODO O CURSO |
| | | | LGB2.5.2. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía. | TODO O CURSO |
| | | | LGB2.5.3. Utiliza procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos. | TODO O CURSO |

| | | | | |
|-------------|--|--|--|--------------------------|
| b f h | B2.6. Descrición das propiedades do texto e análise, nas producións propias e alleas, dos procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión. | B2.6. Describir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas. | LGB2.6.1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos. | SEGUNDO TRIMESTRE |
| | | | LGB2.6.2. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas. | SEGUNDO TRIMESTRE |

BLOQUE 3. Funcionamento da lingua

| | | | | |
|-------------|-----------------|---------------------|----------------------------------|------------------------|
| | | | | |
| Obxe | Contidos | Critérios de | Estándares de aprendizaxe | TEMPORALIZACIÓN |

| c tivos | | Avaliación | | |
|--------------------|--|---|--|---------------------------|
| e | B3.1. Pronuncia correcta dos fonemas propios do galego e das transformacións fonéticas que se dan nas palabras ao longo da cadea falada. | B3.1. Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz. | LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega. | PRIMEIRO TRIMESTRE |
| | | | LGB3.1.2. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz. | PRIMEIRO TRIMESTRE |
| d e | B3.2. Coñecemento e explicación das variedades dialectais de Galicia. | B3.2. Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural. | LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural. | SEGUNDO TRIMESTRE |
| e | B3.3. Análise e explicación do léxico e dos seus procedementos de formación. | B3.3. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo. | LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación das palabras. | PRIMEIRO TRIMESTRE |
| | | | LGB3.3.2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica. | PRIMEIRO TRIMESTRE |
| | | | LGB3.3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica. | PRIMEIRO TRIMESTRE |
| e | B3.4. Observación, reflexión e explicación das unidades e funcións sintácticas. | B3.4. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos. | LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada. | TERCEIRO TRIMESTRE |
| e | B3.5. Reflexión e explicación das relacións e unidades semánticas. | B3.5. Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas. | LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas. | SEGUNDO TRIMESTRE |
| b e h | B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | B3.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | LGB3.6.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | TODO O CURSO |

| | | | | |
|--------|---|--|--|---------------------|
| b e | B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | TODO O CURSO |
|--------|---|--|--|---------------------|

BLOQUE 4. Lingua e sociedade

| OBXECTIVOS, CONTIDOS E CCAA | | | | |
|-----------------------------|---|---|--|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe | TEMPORALIZACIÓN |
| | | | | |
| p | B4.1. Estereotipos e prexuizos lingüísticos: a súa repercusión nos usos. B4.2. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas. | B4.1. Recoñecer os estereotipos e prexuizos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas. | LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuizos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos. | SEGUNDO TRIMESTRE |
| | | | LGB4.1.2. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas. | SEGUNDO TRIMESTRE |
| h p | B4.3. Construción da variante estándar da lingua galega. B4.4. Interferencias lingüísticas: castelanismos. | B4.2. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos. | LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega. | SEGUNDO TRIMESTRE |
| | | | LGB4.2.2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos. | SEGUNDO TRIMESTRE |
| p | B4.5. Historia da lingua: galego moderno (desde 1916 ata 1978); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas. | B4.3. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata 1978, describir o seu contexto e identificalo en textos. | LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978). | CCL | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | x | | | | | | | | | | | | x | | |
| | | | LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística. | CCL CSC | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | x | | | | | | | | | | | x | |
| | | | LGB4.3.3. Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico. | CCL | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | x | | | | | | | | | | | x |
| | | | LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua. | CCL CSC | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | x | | | | | | | | | | | x |
| | | | LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios. | CCL | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | x | | | | | | | | | | | x |
| p | B4.6. Historia da lingua: galego moderno (desde 1978 ata a actualidade); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística; situación legal e características lingüísticas. | B4.4. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua. | LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade). | CCL | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | x | | | | | | | | | | | x | | |
| | | | LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística. | CCL CSC | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | x | | | | | | | | | | | x |
| | | | LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego. | CCL CSC | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | x | | | | | | | | | | | x |
| | | | LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades. | CCL CSC | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | x | | | | | | | | | | | x |
| | | | LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade. | CCL | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | x | | | | | | | | | | | x |
| p | B4.7. Elaboración dunha descrición esquemática na que se detallan as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | B4.5. Elaborar unha descrición esquemática na que se detallan as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallan as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | CCL | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | x | | | | | | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|--|------------|--|--|---|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|---|
| | | traballos sobre a historia da lingua. | LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades. | CCL CSC | | | x | | | | | | | | | | | | x |
| | | | LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade. | CCL | | | x | | | | | | | | | | | | x |
| p | B4.7. Elaboración dunha descrición esquemática na que se detallan as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | B4.5. Elaborar unha descrición esquemática na que se detallan as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallan as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | CCL | | | x | | | | | | | | | | | | |
| p | B4.8. A evolución da conciencia lingüística. | B4.6. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. | LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. | CCL CSC | | | x | | | | | | | | | | | | x |

Bloque 5. Educación literaria

| Cadro global da Relación entre Obxectivos, Contidos, Criterios de Avaliación, Competencias Clave, Estándares de Aprendizaxe con Procedimentos, Instrumentos e Criterios de Avaliación e Cualificación | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|--|--|--|---|--------------------|----------------------|----------------|--|---|---|---|---|---|--------------|---|---|---|---|---|------------|---|
| OBXECTIVOS, CONTIDOS E CCAA | | | COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | | | | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN | | | | | | | | | | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave | Grao mínimo cons ec. | Peso cualific. | Procedementos | | | | | | Instrumentos | | | | | | Cualif. f. | |
| | | | | | | | A | B | C | D | E | F | a | b | c | d | e | f | A | B |
| e n | B5.1. Literatura galega de 1916 a 1936: – Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. – Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. – Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. | B5.1. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1916 a 1936: – Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. – Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. – Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. | LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. | CCL | | | | x | | | | | | | | | | | x | |
| | | | LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. | CCL | | | | | x | | | | | | | | | | | x |
| | | | LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. | CCL | | | | | x | | | | | | | | | | | x |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|-------------|---|---|--|-----|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|---|
| e d n | B5.2. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | B5.2. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL | | | | | | | | | | | | | | | x |
| | | | LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL | | | | | | | | | | | | | | | x |
| | | | LGB5.2.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL | | | | | | | | | | | | | | | x |
| e n | B5.3. Literatura galega entre 1936 e 1975: –Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. –Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70. –Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. | B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975: –Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. –Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70. –Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. | LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. | CCL | | | | | | | | | | | | | | | x |
| | | | LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70. | CCL | | | | | | | | | | | | | | | x |
| | | | LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. | CCL | | | | | | | | | | | | | | | |
| e d n | B5.4. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL | | | | | | | | | | | | | | | x |
| | | | LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL | | | | | | | | | | | | | | | x |
| | | | LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL | | | | | | | | | | | | | | | x |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|-------------|---|---|---|-----|--|--|--|--|---|---|---|--|--|--|--|--|---|---|---|---|--|
| e n | B5.5. Literatura galega de 1975 ata a actualidade: –Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. –Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. –Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade: –Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. –Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. –Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | CCL | | | | | x | | | | | | | | x | | | | |
| | | | LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | CCL | | | | | | x | | | | | | | | | x | | |
| | | | LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | CCL | | | | | | | x | | | | | | | | | x | |
| e d n | B5.6. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL | | | | | | | | | | | | | | x | | | |
| | | | LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL | | | | | | | | | | | | | | | | x | |
| | | | LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL | | | | | | | | | | | | | | | | x | |
| e n | B5.7. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. | B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. | LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. | CCL | | | | | | | | | | | | | x | | | | |

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

A sociedade actual require a capacidade de enfrontarse a unha gran cantidade de información. Por este motivo o seu axeitado tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétese na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información, así como no desenvolvemento da capacidade crítica con respecto a ela.

A biblioteca do centro móstrase así como un recurso a ter moi en conta .

Débese ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) dun xeito integrado, ben que daráselles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto.

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, seguiranse as orientacións metodolóxicas que pasamos a enunciarnos:

- Adoptar un enfoque principalmente comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico nin renunciar ao dominio das normas e usos gramaticais.

- Proporcionar e traballar con textos de distinta tipoloxía e natureza, especialmente expositivos e argumentativos.

- Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos existentes para a obtención da información.

- Propiciar a implementación de procesos de busca guiada da información, tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios, así como a composición satisfactoria de textos utilizando distintos soportes.

- Propiciar, non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, a elaboración de discursos argumentativos e o espírito crítico e cooperativo.

- Facer lectura, interpretación e valoración de obras literarias.

- Propiciar dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.

A metodoloxía será, pois, dinámica e participativa: fomentarse o traballo conxunto de todo o grupo-clase baixo a coordinación e orientación da profesora . A función do ensinante consistirá, sobre todo, en organizar o traballo do alumnado e fomentar a aprendizaxe por descubrimento, recorrendo só o necesario ás exposicións maxistras e dinamizando o grupo-clase para que en ningún momento caia na pasividade e na recepción maquinal de contidos que se asimilan sen a máis mínima reflexión.

O método basearase fundamentalmente na lectura, análise, comentario e produción de textos de diversos tipos. Aproveitando o método de ensino unitario da lingua e a literatura, procurarase en ocasións, a coincidencia de textos para análise literaria e para análise lingüística; ademais, empregaranse outros textos non literarios para recoñecer e analizar os procesos de construción textual co obxectivo de que o alumnado elabore os seus propios textos conforme estes procedementos construtivos.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Canto aos **materiais**, traballarase con libro de texto (*Lingua e Literatura 2*, de Baía Edicións / Consorcio Editorial Galego, con ISBN 978-84-9995-197-3), que as alumnas e os alumnos manexarán de xeito bastante autónomo, facendo as súas consultas guiados polo/a profesor/a, realizando as actividades e comentarios de texto que nel se propoñen e, finalmente, elaborando as súas propias notas, guións, resumos e esquemas para comprender e desenvolver os distintos temas.

O libro de texto será completado con material moi diverso e en distintos soportes:

- Fichas e cadernos de traballo;
- Presentacións dixitais preparadas pola profesora/profesor ou polo propio alumnado.
- Fontes bibliográficas diversas: dicionarios enciclopédicos, monografías de historia de Galiza, manuais de historia universal, coleccións de arte, atlas xeográficos, libros de divulgación, etc.
- Vídeos en DVD ou na rede.
- Páxinas web e blogs sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade.
- Selección de artigos de prensa ou documentos referidos á actualidade.
- Obras literarias axeitadas á idade e madurez intelectual do alumnado.
- Selección de textos literarios (poéticos, narrativos, ensaísticos e teatrais) para a súa lectura, análise e comentario.
- Murais temáticos.

No espazo web da propia editora do libro de texto encontraremos unha batería de materiais complementarios e actividades que poderá servir de punto de partida para que o alumnado faga un manexo enriquecedor das novas tecnoloxías.

7. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Os criterios de avaliación están referidos no anexo .da presente programación, onde aparecen organizados xunto cos obxectivos, os contidos curriculares, os estándares de aprendizaxe ,as competencias clave, os indicadores de logro, procedementos, instrumentos de avaliación e cualificación etc.

Realizarase unha avaliación continua xa que unha materia de carácter instrumental como é o caso da de Lingua e Literatura Galega debe manter ese sistema pola imposibilidade de illar uns obxectivos de outros. Realizarase unha avaliación inicial ao principio de curso. Esta avaliación inicial será completada coa avaliación formativa, que se realizará durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a marcha do alumnado. Desta avaliación formarán parte todas as actividades levadas a cabo ao longo de cada período avaliatorio. Con carácter xeral, haberá probas avaliatorias, que serán organizadas consonte coa metodoloxía de traballo e as actividades desenvolvidas. Así mesmo haberá probas ou actividades de recuperación para o alumnado que non acade o grao mínimo dos indicadores de logro no tempo dos períodos avaliatorios trimestrais.

Completarase cunha avaliación sumativa, que valorará ao final do curso o grao de consecución obtido polo alumno respecto aos obxectivos previstos. En caso de non alcanzar estes obxectivos, existirá un exame extraordinario de setembro onde obrigatoriamente se acudirá para examinarse de toda a materia.

Na cualificación final influirán o grao de asimilación de contidos por parte do alumno/a (criterio este básico e fundamental); o seu comportamento xeral; a actitude de traballo, interese e respecto amosada na clase durante todo o curso; a súa asistencia regular ás aulas e, finalmente, as lecturas e traballos realizados. A non realización das lecturas obrigatorias marcadas para cada curso e nivel será penalizada na cualificación. A realización de lecturas e traballos con carácter voluntario por parte do alumnado será tida en conta na súa cualificación final.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na avaliación de referencia, sexa esta Ordinaria ou Extraordinaria.

Para a avaliación terase en conta:

- O seguimento da alumna/o día a día a través do caderno e das actividades cotiás, así como a súa actitude na aula.
- As probas e traballos realizados para comprobar a realización e aproveitamento das lecturas obrigatorias.
- Asemade, o alumnado que realice actividades voluntarias organizadas ou en colaboración co Departamento de Lingua Galega e Literatura, como por exemplo, participación en xornadas, concursos orais ou escritos, revistas en papel ou dixitais, blogs, recitais de poesía, verase recompensado cunha cualificación positiva na nota da avaliación.
- As probas realizadas ao longo do trimestre para valorar a evolución do alumno/a e o seu grao de logro dos obxectivos.

A avaliación aprobarase cunha cualificación mínima de 5. Os/as alumnos/as que non alcancen este mínimo teñen a posibilidade de realizar nas semanas seguintes á avaliación aquelas probas ou actividades propostas polo profesorado para facelo, así como modificar actitudes ou hábitos de traballo na avaliación seguinte. Para aqueles que non superen a materia na convocatoria ordinaria de xuño, haberá un exame extraordinario no mes de setembro.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A **CUALIFICACIÓN** do alumnado de segundo de bacharelato atenderá ós seguintes criterios:

- Traballo na aula e na casa (pode modificar a nota tanto positiva como negativamente) ata o máximo de **1 punto**.
- Proba da lectura,oral , correspondente a cada trimestre, na que, a través do comentario de diferentes aspectos do libro, se demostrará que se leu e que se comprendeu a obra. Este exame valorarase de 0 **ata 1 como máximo** e sumarase á nota de avaliación, Ademais o alumnado poderá ler outro libro, de xeito voluntario, que suporía sumar 0'5 puntos á nota da avaliación. Tanto o libro obrigatorio como o optativo serán escollidos de entre os da lista que se adxunta a continuación.
- Nesta proba tamén se valora o nivel oral da lingua, así como no decorrer do día a día na aula. Na cualificación final suma **ata 1 punto**.

- Dúas probas escritas por trimestre nas que o alumnado mostre os seus coñecementos e a súa correcta expresión axeitada á normativa. Esta proba cualificarase **cun máximo de 7 puntos**.
- Estas dúas probas farán media, pero nunca con menos de 3,5, e a media dos dous debe **acadar o cinco**, que supón un **3,5 na nota global da avaliación**.
- Haberá exames de recuperación para aqueles exames que non cheguen ó 3,5.
- En xuño realizaranse os exames extraordinarios.

8-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Resulta obvio que cómpre realizar un seguimento da propia Programación Didáctica. Esta debe ser un documento completo, pero tamén flexible, para servir de ferramenta útil no proceso de ensino-aprendizaxe. A súa concreción variará en función de diversas circunstancias, especialmente das características e necesidades educativas do alumnado concreto co que se traballe cada curso. Para isto levaranse a cabo análises e valoracións, así como propostas de mellora en diferentes momentos do curso.

A principios do mesmo, a avaliación inicial ofrecerá uns valiosos datos para modificar os aspectos da presente Programación Didáctica que se consideren oportunos, co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará.

Nas reunións de Departamento realizarase periodicamente un seguimento do desenvolvemento da mesma. Para iso teranse en conta tanto a consecución dos obxectivos como o desenvolvemento das actividades.

Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Outro momento fundamental para a avaliación da presente Programación Didáctica será o final do curso. Para esa avaliación terase en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia Programación. En segundo lugar, valoraranse os resultados globais do alumnado. Para que a avaliación sexa máis completa, terase en conta o grao de satisfacción do profesorado coa mesma. Deste proceso avaliativo extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do vindeiro curso. Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente aqueles en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

9-. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

O Departamento de Lingua e Literatura Galega participará, sempre que sexa posíbel e o permita a dispoñibilidade horaria do profesorado adscrito ao mesmo, no proceso de recuperación de materias pendentes a través das clases de reforzo para o alumnado con materias pendentes, onde se traballarán unha serie de actividades, comentarios de textos e cuestións teóricas que lle faciliten ao alumnado a preparación e asimilación dos contidos mínimos da materia. De non ser posíbeis esas clases de reforzo, a profesora ou profesor do alumnado que teña a materia de Lingua Galega e Literatura de 1.º de Bacharelato pendente poderá así mesmo facilitar fichas coas actividades que considere convenientes.

O Departamento poderá realizar dúas probas escritas de avaliación, con carácter voluntario, durante o curso (serán na

semana do 9 ó 15 de decembro, e do 15 ó 19 de marzo)e unha final no mes de maio entre os días 10 e o 12 . Acadar a cualificación de aprobado nestas probas significará a superación da materia pendente. Ademais, cada alumno e alumna deberá demostrar ter realizado unha lectura atenta e comprensiva de determinados libros que determinará o Departamento.

Farase esta proba a partir dos contidos mínimos establecidos.

CONTIDOS MÍNIMOS

Serán tidos en conta os seguintes contidos conceptuais:

Lingua e sociedade

- .Estereotipos e prexuízos lingüísticos :a súa repercusión nos usos.
- Historia da normativización: a construción da variedade estándar.Interferenciase desviacións da norma.
- O galego, lingua en vías de normalización.
- O galego no primeiro terzo do século XX:características lingüísticas fundamentais.Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais.Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego a finais do século XX e comezos do XXI:características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Estudo da lingua:

- A fonética e fonoloxía do galego.
- Coñecemento das diferentes clases de palabras, das características morfolóxicas das mesmas e dos seus usos e valores: o substantivo, o adxectivo,pronomes persoais relativos, interrogativos, exclamativos, artigos, demostrativos, posesivos, identificadores, ordinais, cuantificadores, o verbo, as formas non persoais do verbo,adverbios , preposicións, conxuncións.Os conectores.

Produción de textos orais e escritos con coherencia, cohesión, adecuación ,presentación e corrección ortográficas.

Literatura:

- A poesía das Irmandades da Fala.Características , autores e obras representativas.
- A poesía de vangarda.Características, autores e obras representativas.
- A prosa de primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós(narrativa, ensaio e xornalismo).
- O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.
- A poesía entre 1936 e1975: a Xeración do 36,a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
- A prosa entre 1936 e 1975: os renovadores da prosa(Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
- A Nova Narrativa Galega.Características , autores e obras representativas.
- O teatro galego entre 1936 e1975:a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
- A literatura do exilio entre 1936 e 1975: poesía, prosa e teatro.
- A poesía de fins do XX e comezos do XXI.Temas e autores dos 80 e dos 90.Poetas e tendências actuais máis relevantes.
- A prosa de fins do XX e comezos do XXI.Temas e autores dos 80 e dos 90.Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
- O teatro de fins do XX e comezos do XXI.Temas e autores dos 80 e dos 90.Dramaturgos, tendências e compañías actuais máis relevantes.

Comunicación oral.Escoitar e falar

- Produción de textos orais con coherencia, cohesión, adecuación ,presentación e corrección ortográficas.

Comunicación escrita.Ler e escribir

- Produción de textos escritos con coherencia, cohesión, adecuación ,presentación e corrección ortográficas.

11- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE PODEN ADOPTAR.

Realizarase unha avaliación inicial ao principio de curso. Estará deseñada para detectar as dificultades individuais e colectivas relacionadas coa materia de Lingua Galega e Literatura. Ao mesmo tempo, procurará descubrir tamén as potencialidades do alumnado, as súas calidades, preferencias e afeccións para aproveitalas e poñelas en relación coa metodoloxía e ao servizo do éxito das actividades que se desenvolvan.

A avaliación inicial constará de varias partes que contemplarán a expresión oral, a fluidez e comprensión lectora, a expresión escrita e os aspectos referidos á historia da literatura, ao coñecemento da lingua e á sociolingüística que a profesora ou profesor achen convenientes. Co este fin non se realizará unha única proba, senón que se desenvolverán unha serie de actividades durante as primeiras sesións durante o mes de setembro. Aproveitarase un modelo recente de selectividade para familiarizar o alumnado co deseño deste tipo de probas. No deseño das mesmas non poderá faltar unha sesión de presentación oral dos integrantes do grupo-clase e a lectura en voz alta de algún texto que posteriormente servirá para traballar a comprensión, a expresión escrita e outros aspectos.

Como xa se indicou anteriormente na presente programación, esta avaliación inicial deberá servir, entre outras cousas, para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias para o alumnado e darlles prioridade no desenvolvemento do currículo. Tamén servirán para diagnosticar posibles problemas individuais e deseñar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas e factibles dentro da organización docente do centro.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O Departamento de Lingua e Literatura Galega favorecerá a implantación e funcionamento de todas as medidas que dentro da organización académica do centro se poidan levar a cabo para atender as necesidades do alumnado que presente problemas académicos. As actividades desenvolvidas contarán coa correspondente avaliación continua das aprendizaxes.

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS.

A materia de Lingua galega e literatura é unha disciplina privilexiada para o traballo dos elementos transversais. Priman as actividades de comprensión lectora, a expresión oral e escrita, de comunicación audiovisual, coas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas imprescindibles para o proceso de ensino-aprendizaxe.

As actividades relacionadas coa sociolingüística e a literatura son favorecedoras do emprendemento e da educación cívica. A igualdade efectiva entre as persoas e a non discriminación por calquera circunstancia social ou persoal ten os seus mecanismos de aprendizaxe nas mesmas estratexias da análise sociolingüística. Ademais, o propio deseño do libro de texto de Baía Edicións / Consorcio Editorial Galego para 2.º de Bacharelato explicita actividades en relación cos criterios de avaliación e os indicadores de logro referidos á da igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.

O coñecemento e a análise da situación sociolingüística e das diferentes etapas da historia da lingua e da literatura promoven a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos. Como exemplos sobranceiros podemos poñer os contidos curriculares e as actividades relacionadas coas obras literarias de autores e autoras como Ramón Cabanillas, Antón Villar Ponte, Castelao, Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor, Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, María Xosé Queizán, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña, Ana Romaní, Teresa Moure, María Reimóndez, Antón Lopo e un longuíssimo etcétera.

O estudo da traxectoria e obra literaria das autoras nomeadas e dalgún dos autores facilitarán a reflexión sobre estereotipos que supoñen discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Favorécese así a visibilidade da realidade homosexual e todas aquelas opcións diferentes da convencional heterosexual.

A organización e o desenvolvemento curricular da materia de Lingua galega e Literatura procura a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a autoconfianza e o sentido crítico. Falamos de actividades como recitais, representacións teatrais, debates, concursos de contacontos, xornadas sobre aspectos culturais, clubs de lectura,

14-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS.

Este curso as actividades complementarias e extraescolares vanse ver moi alteradas por mor da situación epidemiolóxica . De inicio non podemos programar actividades que impliquen mestura de niveis.

| ACTIVIDADES DO SEMINARIO DE GALEGO PARA O CURSO 2019/2020 | NIVEIS | DATA APROXIMADA |
|--|--------------------|------------------------|
| ROTEIRO OS ANCARES | | |
| RECITADO MANUEL MARÍA | 1º ESO 2º ESO | MES DE OUTUBRO |
| VISIONADO DALGUNHA PELÍCULA | BACHARELATO ESO | SEN ESPECIFICAR |
| FESTIVAL DE NADAL | CALQUERA NIVEL | MES DE DECEMBRO |
| | CALQUERA NIVEL | FEBREIRO |

| | | |
|--|-------------------|--------------------|
| HOMENAXE ROSALÍA DE CASTRO | | |
| HOMENAXE A CARBALLO CALERO | TODOS OS NIVEIS. | MAIO |
| EXPOSICIÓN DE SARDIÑAS | 1º E 2º DE ESO | ABRIL |
| RECITADO POÉTICO.CANTIGAS MEDIEVAIS. | 3º ESO | MAIO |
| PROGRAMA DE RADIO | CALQUERA NIVEL. | 2º E 3º TRIMESTRE. |
| ASISTENCIA A REPRESENTACIÓNS TEATRAIS | CALQUERA NIVEL | SEN ESPECIFICAR |
| ACTIVIDADES RELACIONADAS CON NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA | CALQUERA NIVEL | Ó LONGO DO CURSO. |
| VIAXE CULTURAL PORTUGAL | SEGUNDO TRIMESTRE | ESO |

15-MECANISMOS DE REVISIÓN , DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS

DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A avaliación da programación didáctica é un dos aspectos fundamentais do traballo docente, xa que permite determinar con exactitude os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolvido ao longo de todo un curso académico.

A adecuada posta en marcha de mecanismos de avaliación da programación propiciarán unha notábel mellora do traballo nas aulas. Porén, debemos ter en conta que materiais, metodoloxías, recursos, actividades etc. que funcionan durante un curso poden non facelo no seguinte, posto que o factor humano do alumnado e a súa diversidade xoga un papel determinante no noso traballo diario. Para tratar de paliar no mínimo estes inconvenientes debemos contar cun bo repertorio de materiais flexíbeis e apoiarnos en metodoloxías que permitan as adaptacións curriculares que sexan precisas.

Á hora de avaliarmos o cumprimento da programación debemos considerar unha serie de indicadores de logro que teñan en conta como mínimo os seguintes elementos: obxectivos, contidos, consecución dos estándares de aprendizaxe, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación / causas de non cumprimento, reflexión sobre as posíbeis situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora.

Modelo de avaliación da programación didáctica

| | |
|----------|----------------|
| Docente: | Curso e grupo: |
|----------|----------------|

| | Puntos fortes da programación | Puntos fracos da programación | Aspectos a manter no próximo curso | Aspectos a mellorar no próximo curso |
|---|-------------------------------|-------------------------------|------------------------------------|--------------------------------------|
| Cumprimento dos obxectivos xerais da programación | | | | |
| Desenvolvemento das unidades didácticas | | | | |

| | | | | |
|--|--|--|--|--|
| Desenvolvemento das actividades programadas | | | | |
| Funcionamento das metodoloxías aplicadas | | | | |
| Utilización de recursos e materiais didácticos | | | | |
| Consecución dos estándares de aprendizaxe | | | | |
| Funcionamento dos procedementos de avaliación | | | | |
| Pertinencia dos instrumentos de avaliación | | | | |
| Eficacia das medidas de recuperación | | | | |
| Contribución ao desenvolvemento das competencias clave | | | | |
| Contribución ao desenvolvemento dos obxectivos xerais de etapa | | | | |
| Dinámica do grupo | | | | |
| Participación en actividades extraescolares e complementarias | | | | |
| Medidas de atención á diversidade | | | | |
| Favorecemento da multidisciplinabilidade | | | | |
| Favorecemento do tratamento integrado de linguas | | | | |
| Factores que favoreceron o cumprimento da programación | | | | |
| Causas de non cumprimento da programación | | | | |

16-INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.

Esta programación vai estar exposta na páxina web do centro.

O alumnado xa é informado a principios de curso dos criterios de avaliación e os pais poden pedir calquera aclaración que precisen nas horas de titoría.

Polo demais tamén se adxunta a esta programación un anexo especial pais onde se explican pormenorizadamente os procedementos e instrumentos de avaliación, os criterios de cualificación, os mínimos esixiblese a recuperación de pendentes.

4 --CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAJE AVALIABLE DE:

1º TEMPORALIZACIÓN

2º GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

| OBXECTIVOS, CONTIDOS E CCAA | | | COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | | |
|-----------------------------|--|--|--|-----------------|---------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe | TEMPORALIZACIÓN | MÍNIMOS |
| dehñ | B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado. | B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo. | LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). | TODO CURSO | × |
| | | | LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos. | TODO O CURSO | |
| deh | B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas). | B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. | 1º TRIMESTRE | × |
| | | | LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | TODO O CURSO | |
| acdh | B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto. | B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas. | LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). | TODO O CURSO | |
| acdeh | B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos. | B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias. | LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos. | 1º TRIMESTRE | × |
| | | | LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. | 1º TRIMESTRE | |
| | | | LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións. | 1º TRIMESTRE | × |
| ho | B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade. | B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas. | LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. | TODO O CURSO | |
| | | | LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas. | TODO O CURSO | |
| ho | B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. | TODO O CURSO | |
| | | | LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. | TODO O CURSO | |

Bloque 2.
escrita. Ler e

| | | | | | |
|------------------------------------|---|--|---|------------------------|----------------|
| | | | LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | TODO O CURSO | |
| b e g h | B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | TODO O CURSO | |
| | | | LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). | TODO O CURSO | |
| | | | LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). | TODO O CURSO | |
| | | | LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | TODO O CURSO | |
| a c d h | B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións). | B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións). | LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción. | 2º TRIMESTRE | |
| | | | LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. | 2º TRIMESTRE | × |
| a b c g h o | B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais. | B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo. | LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. | 3º TRIMESTRE | |
| | | | LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade | TODO O CURSO | |
| | | | LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa. | 3º TRIMESTRE | |
| | | | LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais. | TODO O CURSO | |
| OBXECTIVOS, CONTIDOS E CCAA | | | COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | | |
| Obxectivos | Contidos | Crterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe | TEMPORALIZACIÓN | MÍNIMOS |
| b f h | B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva. | B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva. | LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos. | TODO O CURSO | |
| | | | LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos. | 1º TRIMESTRE | × |
| | | | LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas. | 1º TRIMESTRE | × |
| | | | LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto. | TODO O CURSO | |

Comunicación
escribir

| | | | | | |
|-------------|--|---|--|----------------------------------|---|
| | | | LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.). | TODO O CURSO | |
| | | | LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet. | TODO O CURSO | |
| | | | LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura. | TODO O CURSO | |
| d e h | B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso. | B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso. | LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso. | 1º TRIMESTRE | × |
| d e h | B2.3. Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos. | B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial. | LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial. | 1º TRIMESTRE | × |
| b e h | B3.13. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | B3.13. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | LGB3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais , evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | CCL CAA | | | | | X | | X | | | | | | | | X | X | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|--------|--|---|---|------------|--|--|---|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|---|
| b e | B3.14. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | B3.14. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | LGB3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | CCL CAA | | | X | | | | | | | | | | | | | X |
|--------|--|---|---|------------|--|--|---|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|---|

Bloque 4. Lingua e sociedade

| Cadro global da Relación entre Obxectivos, Contidos, Criterios de Avaliación, Competencias Clave, Estándares de Aprendizaxe con Procedimentos, Instrumentos e Criterios de Avaliación e Cualificación | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|--|--|---|---|--------------------|---------------------|----------------|--|---|---|---|---|---|--------------|---|---|---|---|---|---------|---|---|
| OBXECTIVOS, CONTIDOS E CCAA | | | COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | | | | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN | | | | | | | | | | | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave | Grao mínimo consec. | Peso cualific. | Procedementos | | | | | | Instrumentos | | | | | | Cualif. | | |
| | | | | | | | A | B | C | D | E | F | a | b | c | d | e | f | A | B | |
| ñ o | B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI. | B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI. | LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura. | CCL CCEC | | | X | | | | | | | | | X | | | | | X |
| | | | LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura. | CCL | | | X | | | | | | | | X | | | | | | X |
| | | | LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI. | CCL CSC | | | | X | | | | | | | X | | | | | | X |
| | | | LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias). | CCL CSC CD | | | X | | | | | | | | X | | | | | | |
| ñ o | B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución. | B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución. | LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística. | CCL CSC | | | | X | | | | | | X | | | | | | | X |
| | | | LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual. | CCL CSC | | | | X | | | | | | X | | | | | | | X |
| | | | LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos. | CCL CSC CD | | | | X | | | | | | X | | | | | | | X |
| | | | LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada. | CCL CSC | | | | X | | | | | | X | | | | | | | X |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|--------|--|--|--|-------------------|--|--|--|---|---|---|--|--|--|--------|---|---|---|--|--|---|---|---|---|
| | | | LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual. | CCL CSC | | | | X | | | | | | X | | | | | | X | | | |
| ñ o | B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. | B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega. | LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega. | CCL CSC | | | | X | | | | | | X | | | | | | X | | | |
| | | | LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno. | CCL CSC | | | | | X | | | | | | | X | | | | | | X | |
| | | | LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. | CCL CSC | | | | | | X | | | | | | | X | | | | | | X |
| | | | LGB4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia. | CCL CSC | | | | | X | | | | | | | | X | | | | | | X |
| ñ o | B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes. | B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916. | LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. | CCL | | | | X | | | | | | X X | | | | | | | X | | |
| | | | LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas. | CCL CCEC | | | | | X | | | | | | | X | | | | | | | X |
| | | | LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916. | CCL CCEC | | | | | X | | | | | | | X | | | | | | | X |
| | | | LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916. | CCL CCEC | | | | | X | | | | | | | X | | | | | | | X |
| | | | LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916. | CCL CCEC CD | | | | | X | | | | | | | X | | | | | | | X |
| ñ o | B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España. | B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España. | LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español. | CCL CD | | | | X | | | | | | X | | | | | | | X | | |
| ñ o | B4.8. Prexuízos lingüísticos. | B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. | LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada. | CCL CSC | | | | X | | | | | | X | | | | | | | X | | |
| | | | LGB4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente. | CCL CSC | | | | | | X | | | | | | X | | | | | | X | |
| ñ o | B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da | B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da | LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega. | CCL CSC | | | | X | | | | | | X | | | | | | | X | | |
| | | | LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega. | CCL | | | | | X | | | | | | X | | | | | | | X | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|--|-----------------------------|---|------------|--|--|--|--|--|---|---|--|--|--|--|--|---|--|---|---|
| lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. | función da lingua estándar. | LGB4.7.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora. | CCL | | | | | | X | | | | | | | | | X | |
| | | LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica. | CCL CSC | | | | | | | X | | | | | | | | | X |
| | | LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas. | CCL CSC | | | | | | X | | | | | | | X | | | |

Bloque 5. Educación literaria.

| Cadro global da Relación entre Obxectivos, Contidos, Criterios de Avaliación, Competencias Clave, Estándares de Aprendizaxe con Procedimentos, Instrumentos e Criterios de Avaliación e Cualificación | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|--|---|--|---|--------------------|---------------------|----------------|--|---|---|---|---|---|--------------|---|---|---|---|---|---------|---|---|
| OBXECTIVOS, CONTIDOS E CCAA | | | COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | | | | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN | | | | | | | | | | | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave | Grao mínimo consec. | Peso cualific. | Procedementos | | | | | | Instrumentos | | | | | | Cualif. | | |
| | | | | | | | A | B | C | D | E | F | a | b | c | d | e | f | A | B | |
| h l | B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | CCL | | | | X | | | | | | X | | | | | X | | |
| | | | LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos. | CCL | | | | | X | | | | | | | X | | | | | X |
| h l | B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período. | LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura. | CCL | | | | | X | | | | | X | | | | | X | | |
| | | | LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. | CCL | | | | | | | X | | X | | | | | | | | X |
| | | | LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente | CCL | | | | | X | | | | | X | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|-------------|---|--|---|-------------|--|--|--|---|---|---|---|--|---|---|---|---|---|---|--|---|---|
| | | | LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos. | CCL | | | | | | X | | | | | | X | | | | X | |
| h l | B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | LGLB5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | CCL | | | | | | | | | X | X | X | | | | | X | X |
| | | | LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios. | CCL | | | | | | X | | | | | | | X | | | | |
| b h l | B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | CCL | | | | | | | | | X | | | | | | | X | X |
| e h l | B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. | B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. | LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. | CCL | | | | | X | | | | | | | X | | | | | X |
| | | | LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. | CCL CD | | | | X | | | | | | | | | X | X | | | |
| h l n | B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. | CCL CCEC | | | | | | X | | | | | | | | | | | X |
| | | | LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | CCL CCEC | | | | | | | X | | | | | | X | | | | |

a) CONTEXTO

Neste curso 2020/2021 temos que ter moi presente que á situación contextual doutros cursos temos que engadir a situación sanitaria que estamos a vivir e que vai condicionar o noso traballo: inicio de clases, mantemento de distancias, entrada gradual, saídas graduais, hixiene de mans, uso de máscaras...en definitiva todas as medidas que se explicitan nos protocolos.

Porén estas medidas aínda que necesarias tamén van condicionar a nosa forma de traballar. O relacionamento, entre alumnado entre si e entre profesorado e alumnado. No ensino presencial os xestos, o xogo coas distancias, a entoación axudan á comunicación e ao mantemento da atención. Neste curso este recurso vai estar moi limitado e mesmo dificultado polo mantemento das distancias e o uso das máscaras.

O ritmo de traballo vaise ver afectado en tanto que hai que aplicar as medidas protocolarias: tanto que o tempo de clase se vai ver reducido polas medidas hixiénicas, pola esixida ventilación e condicionada pola temperatura da aula e a situación emocional do alumnado.

ENSINO PRESENCIAL/ENSINO SEMIPRESENCIAL

Entendemos que as dúas modalidades van ir da man. O que se faga na aula presencial vai ser subido á aula virtual.

Valoraremos a posibilidade de gravar as aulas presenciais para que o alumnado que non poida asistir as poida seguir na clase ou a posibilidade de traballar en modo vídeoconferencia dende a clase.

En todo caso a aula virtual estará actualizada en canto a contidos e será unha ferramenta de traballo tamén para o alumnado presencial en tanto que algúns traballos terán que entregalos a través desta canle e arquivos de audio, vídeo que sirvan de apoio ás explicacións terán que procuralos nela.

ENSINO TELEMÁTICO

Para este tipo de ensino remitímonos ás instrucións que o IES Fernando Esquíu recolleu no plan de continxencia e que están subidas na páxina web do centro.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

2. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falta de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

4. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas: a) A actividade lectiva continuará conforme ao horario habitual de clase de cada grupo. b) A atención ao alumnado realizarase a través da aula virtual do centro. En cada materia o alumnado empregará a mensaxería da aula virtual para pórse en contacto co profesorado e solucionar calquera dúbida que se lle presente. c) A atención que se preste a través da aula virtual poderá, cando o profesorado o considere necesario; ser complementada con vídeoconferencias a través da aplicación cisco webex. d) A atención ás familias será a través do correo electrónico. O correo do profesorado estará a disposición das familias na páxina web do centro educativo. e) A notificación de calquera incidencia, nova,.. do alumno/a ou do grupo será a través de abalar móbil. En casos moi concretos será notificada na aula virtual ou na páxina web do centro educativo.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Remito á parte xeral da programación.

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.

Remito á parte xeral da programación.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:

1º. Temporalización. (remito á parte xeral da programación)

1- TEMPORALIZACIÓN POR TEMAS DE CONTIDO

1º ESO

1º TRIMESTRE:

UNIDADES: DA 1 Á 4 .

2º TRIMESTRE:

UNIDADES: DA 5 Á 8.

3º TRIMESTRE:

UNIDADES : DA 9 Á 12.

2º ESO

1- TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

1º AVALIACIÓN:

UNIDADES: DA 1 Á 4.

2º AVALIACIÓN:

UNIDADES : DA 5 Á 8.

3º AVALIACIÓN:

UNIDADES: DA 9 Á 12.

3º ESO

1- TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

1º TRIMESTRE:

UNIDADES: DA 1 Á 3.

2º TRIMESTRE:

UNIDADES : DA 4 Á 6.

3º TRIMESTRE:

UNIDADES: DA 7 Á 9.

4º ESO

1- TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

1º TRIMESTRE:

UNIDADES: DA 1 Á 3.

2º TRIMESTRE:

UNIDADES : DA 4 Á 6.

3º TRIMESTRE:

UNIDADES: DA 7 Á 9.

1º BACHARELATO

1-TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

Os contidos están distribuídos en 15 unidades. Procurarase combinar unidades de gramática , sociolingüística e literatura en cada trimestre.

1º trimestre:

Introdución xeral á literatura galega.

O galego na Idade Media.

A literatura galego-portuguesa medieval.Cuestións xerais.

Lírica profana medieval. Cantigas amorosas.

Cantigas de burlas, xéneros menores, cantigas de Santa María e prosa medieval.

Lingua e comunicación.

O galego como lingua románica. Do latín ao galego.

O nome.

O texto descritivo.

Comentario crítico de textos.

Comentario de textos literarios.

2º TRIMESTRE:

Os Séculos Escuros e o Pre-Rexurdimento.

A literatura galega nos Séculos Escuros.

A lingua galega no tempo do Rexurdimento.

Claves do Rexurdimento. Os precursores.

Un mundo de linguas.

Os pronomes persoais, relativos, interrogativos e exclamativos.

O texto dialogal.

As palabras adnominais.

O texto expositivo.

Comentario crítico de textos literarios.

3º TRIMESTRE:

Rexurdimento pleno. Rosalía de Castro.

A poesía costumista na fin de século. A escola rosaliana.

O Rexurdimento pleno: Eduardo Pondal.

Curros Enríquez e a súa escola poética.

A prosa e o teatro do Rexurdimento.

O verbo.

O texto narrativo.

As formas non persoais do verbo.

O texto argumentativo.

Adverbios, preposicións e conxuncións.

Comentario crítico de textos.

2º BACHARELATO

1-TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

1º TRIMESTRE:

- **O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.**
- **Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.**
- **A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.**
- **A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.**
- **A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).**
- **O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.**

- A estrutura da palabra.
- Ditongos e acentuación..
- Fonética e fonoloxía, os fonemas.
- Substantivo e adxectivo.
- Revisión da conxugación regular,irregular; infinitivo conxugado; participios; futuro de subxuntivo.

2ºTRIMESTRE:

- O galego de 1936 a 1978:características lingüísticas fundamentais.Contexto histórico e situación sociolingüística.
- A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36,a Promoción de enlace,a Xeración das Festas Mineravais.
- A prosa entre 1936 e 1975 : os renovadores da prosa(Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
- A Nova Narrativa Galega.Characterísticas, autores e obras representativas.
- O teatro galego entre 1936e 1975:a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
- A literatura do exilio entre 1936 e 1975: poesía, prosa , teatro.
- O pronome persoal tónico e átono.
- As perífrases verbais.
- Introducción á gramática do texto.
- A semántica.

3ºTRIMESTRE:

- O galego a finais do século XX e comezos do XXI:características lingüísticas fundamentais.Contexto histórico e situación sociolingüística.
- Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
- O galego ,lingua en vías de normalización.
- A poesía de fins do XX e comezos do XXI.Temas e autores dos 80 e dos 90.Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
- A prosa de fins do XX e comezos do XXI .Temas e autores dos 80 e dos 90.Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
- O teatro de fins do XX e comezos do XXI.Temas e autores dos 80 e dos 90.Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.
- As relacións semánticas.
- O verbo.
- As conxuncións.

2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.

1º ESO

CONTIDOS BÁSICOS:

BLOQUE1- COMUNICACIÓN ORAL.ESCOITAR E FALAR. (léxico do corpo humano; parentesco; casa; escola; tempo cronolóxico; tempo atmosférico; medios de transporte; alimentación; animais; árbores e plantas; paisaxe rural e paisaxe urbana)

BLOQUE 2-COMUNICACIÓN ESCRITA .LER E ESCRIBIR(alfabeto; sílabas; ditongos e tritongos; acentuación xeral; acentuación de ditongos, tritongos e hiatos, diérese; acentuación diacrítica; puntuación; uso de b e v; uso de h, de x e s ; grupos consonánticos; texto descritivo e texto narrativo)

BLOQUE 3- FUNCIONAMENTO DA LINGUA (o substantivo; o adxectivo; o pronome persoal tónico; pronome persoal átono; o artigo; o verbo;adverbio,preposición , conxunción; propiedades textuais)

BLOQUE 4- LINGUA E SOCIEDADE:(Linguas da Península Ibérica; língua galega; preconceptos lingüísticos; normalización da contorna)

BLOQUE 5- LITERATURA (recursos estilísticos; xéneros literarios;xénero lírico: métrica, rima e estrofa, poema; xénero narrativo: voz narrativa, acción, personaxes, espazo e tempo; xénero dramático: texto teatral, representación teatral; banda deseñada)

2º ESO

CONTIDOS BÁSICOS:

BLOQUE 1.COMUNICACIÓN ORAL.ESCOITAR E FALAR (presentar unha persoa, saudar e despedirse;dar os parabéns e agradecer;expresar sorpresa e incredulidade;describir;mudar de tema; persuadir; expresar coincidencia e indiferenza; pór exemplos;pedir e facer aclaracións; pór condicións; calmar o /a interlocutor/ora).

BLOQUE 2.COMUNICACIÓN ESCRITA.LER E ESCRIBIR(propiedades textuais: adecuación;coherencia;cohesión.Estrutura narrativa; estrutura descritiva; estrutura persuasiva-argumentativa; estrutura expositivo-explicativa; estrutura obrigativo-instrucional; estrutura dialogada e monologada; portada dun xornal;textos xornalísticos informativos; textos xornalísticos de opinión.

Redacción dos seguintes textos: un convite; un chío; un fanfiction; das regras de xogo; unha folla de reclamación; unha entrada dunha enciclopedia en liña; unha receita; un monólogo.)

BLOQUE 3.FUNCIONAMENTO DA LINGUA.(o alfabeto; sílabas; acentuación;acentuación diacrítica;puntuación.punto, vírgula e punto e vírgula,dous puntos, puntos suspensivos e sinais de interrogación e de exclamación, trazo curto, medio e longo, parénteses e aspas.Uso de b e v, uso de h, uso de s/x; grupos consonánticos.

Substantivo; adxectivo; pronome, artigo, demostrativo e posesivo; identificadores, cuantificadores, interrogativos, ex clamativos, pronome persoal; verbos regulares, verbos irregulares, perífrases verbais; adverbios, preposicións , conxuncións.Funcións sintácticas e tipos).

BLOQUE 4.LINGUA E SOCIEDADE(linguas minoritarias e minorizadas;lusofonía; situación legal das linguas do Estado español; normalización lingüística; variedades lingüísticas; preconceptos lingüísticos)

BLOQUE 5. A LITERATURA (Xéneros literarios; literatura electrónica; subxéneros líricos: canción e oda; subxéneros narrativos: conto e novela; subxéneros narrativos: lenda; fábula;subxéneros dramáticos:comedia e traxedia; subxéneros didácticos: ensaio; literatura e cinema; literatura e videoxogos; literatura e outras artes.)

CONTIDOS BÁSICOS: 3º ESO

BLOQUE 1.COMUNICACIÓN ORAL.ESCOITAR E FALAR (o debate formal e informal; os medios de comunicación orais: a radio e a televisión)

BLOQUE 2.COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR(tipos de textos: a narración, a descrición, a noticia, a crónica, a reportaxe, o diálogo, a entrevista, a banda deseñada, textos informativos, actas, regulamentos e convocatorias)

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA: (o alfabeto; acentuación, til diacrítico, diérese, apótrofo, maiúsculas, minúsculas;clases de palabras: substantivo, adxectivo, determinantes, pronomes persoais, verbo, formas nominais do verbo, perífrases verbais, preposicións, adverbios, conxuncións interxeccións; mecanismos de cohesión textual; conectores textuais; linguaxe non sexista.)

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE:(a nosa familia lingüística,a lusofonía; historia social da lingua galega: o esplendor, a decadencia, a dignificación; linguas en contacto: bilingüismo e diglosia, prexuízos lingüísticos; o proceso de normalización lingüística, a lexislación lingüística)

BLOQUE 5. A LITERATURA:(literatura medieval: cantiga de amigo, cantiga de amor, cantigas de escarnio e maldicir; literatura dos séculos escuros; Rosalía de Castro; Curros Enríquez; Pondal.)

CONTIDOS BÁSICOS: 4º ESO

BLOQUE 1.COMUNICACIÓN ORAL.ESCOITAR E FALAR (aprender a escoitar.Expoñer os nosos coñecementos)

BLOQUE 2.COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR(textos xornalísticos de opinión; textos argumentativos;o contrato, o currículo)

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA: (acentuación, til diacrítico;diérese; apótrofo; puntuación;maiúsculas; minúsculas;sintaxe)

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE:(historia social da lingua: de 1916 a 1936;historia social da lingua: de 1936 a 1978; historia social da lingua:de 1978 á actualidade; situación sociolingüística actual en Galicia; planificación lingüística: normalización, normativización, prexuízos; a variedade estándar; lusofonía.

BLOQUE 5. A LITERATURA:(Abrangue o básico de cada unha das etapas literarias estudadas.Galicia entre 1916 e 1936.Ramón Cabanillas; o grupo Nós;as vangardas e a Xeración de 1922; literatura do exilio; narrativa de posguerra; poesía de posguerra; narrativa , poesía e teatro de 1975 á actualidade.

8-CONTIDOS BÁSICOS 1º BACH

Serán tidos en conta os seguintes contidos conceptuais:

Lingua e sociedade:

- Historia da lingua do latín ao galego.
- Caracterización básica das diferentes etapas da historia da lingua :
- A lingua galega na Idade Media.O proceso de minorización do galego.
- Séculos Escuros:as orixes do conflito lingüístico.Situación sociolingüística do XVIII.Os ilustrados.
- Século XIX: a lingua galega no XIX(axentes da castelanización, institucións do estado centralista como motores da castelanización, valoracións sociais, ámbitos e niveis de uso do galego).
- As variedades sociais e contextuais. A lingua estándar.

Estudo da lingua:

- **Coñecemento das diferentes clases de palabras**, das características morfolóxicas das mesmas e dos seus usos e valores: o substantivo, o adxectivo,pronomes persoais relativos, interrogativos, exclamativos, artigos, demostrativos, posesivos, identificadores, ordinais, cuantificadores, o verbo, as formas non persoais do verbo,adverbios , preposicións, conxuncións.
- Lectura comprensiva, comentario de textos descritivos, expositivos e argumentativos.

Comunicación oral.Escoitar e falar

- Produción de textos orais con coherencia, cohesión, adecuación ,presentación e corrección ortográficas.

Comunicación escrita.Ler e escribir

- Produción de textos escritos con coherencia, cohesión, adecuación ,presentación e corrección ortográficas.

Literatura

- A literatura medieval: orixes, ,autores e intérpretes, a tradición manuscrita, xéneros principais e subxéneros, características formais e de contido máis sobresaíentes.
- Os Séculos Escuros: o labor dos Ilustrados.A literatura oral e popular.
- O Rexurdimento: claves do Rexurdimento; períodos do Rexurdimento; obxectivos do Rexurdimento; ámbitos de actuación do Rexurdimento.
- Rosalía de Castro: obra literaria en galego.
- Eduardo Pondal: obra poética de Pondal.Principais liñas temáticas.
- Curros Enríquez: obra poética.Principais liñas estéticas, temáticas e ideolóxicas da poesía de Curros.

CONTIDOS BÁSICOS 2º BACH

Serán tidos en conta os seguintes contidos conceptuais:

Lingua e sociedade

- .Estereotipos e prexuízos lingüísticos :a súa repercusión nos usos.
- Historia da normativización: a construción da variedade estándar.Interferenciase desviacións da norma.
- O galego, lingua en vías de normalización.
- O galego no primeiro terzo do século XX:características lingüísticas fundamentais.Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais.Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego a finais do século XX e comezos do XXI:características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Estudo da lingua:

- A fonética e fonoloxía do galego.
- Coñecemento das diferentes clases de palabras, das características morfolóxicas das mesmas e dos seus usos e valores: o substantivo, o adxectivo, pronomes persoais relativos, interrogativos, exclamativos, artigos, demostrativos, posesivos, identificadores, ordinais, cuantificadores, o verbo, as formas non persoais do verbo, adverbios, preposicións, conxuncións. Os conectores.

Produción de textos orais e escritos con coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográficas.

Literatura:

- A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
- A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
- A prosa de primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
- O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.
- A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
- A prosa entre 1936 e 1975: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
- A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.
- O teatro galego entre 1936 e 1975: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
- A literatura do exilio entre 1936 e 1975: poesía, prosa e teatro.
- A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
- A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
- O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

Comunicación oral. escoitar e falar

- Produción de textos orais con coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográficas.

Comunicación escrita. Ler e escribir

- Produción de textos escritos con coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográficas.

3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO EN TODOS OS GRUPOS.

1º CICLO DA ESO

A diario na aula irase comprobando o grao de atención e comprensión do alumnado na aula presencial e de interacción coa aula virtual.

O alumnado deberá ter unha actitude positiva cara ó galego, o seu estudo e traballar e participar diariamente nos procedementos que se estean a realizar.

O profesorado recollerá información deste punto na súa libreta así como da realización das tarefas que o alumnado deberá facer na casa e das que deberá dar conta na aula ou a través da aula virtual.

En 1º e 2º de ESO no primeiro trimestre realizaremos unha proba escrita por cada unidade para ir vendo o grao de comprensión e de traballo do alumnado. Xa no segundo e no terceiro trimestres farase un exame por cada dúas unidades.

O conxunto de probas escritas valerá ata un total de 7 puntos no conxunto da avaliación.

Valorarase a oralidade: expresión en galego, con 1 punto. Esta avalíase a partir da práctica diaria na aula e tamén na proba oral do libro ou probas específicas que se programen no decorrer do curso.

Será obrigatoria a lectura dun libro por trimestre que se valorará ata o máximo de 1 punto. Para demostrar que leu o libro o alumnado realizará unha proba oral. Nesta proba avalíase o dominio da lingua, por un lado; e por outro a comprensión lectora.

Tamén se contempla a posibilidade de que o alumnado lea outro libro ou fragmentos de libros, de que faga pequenos traballos de investigación, todo iso mais o traballo de clase e o traballo da casa valorarase ata o total de 1 punto.

- Non se farán recuperacións porque se programa como avaliación continua pero si se contempla a posibilidade de facer un reforzo personalizado naqueles aspectos e con aqueles alumnos/as que o profesorado estime necesario, sobretodo se son repetidores.
- As dúas probas escritas farán media, pero nunca con menos de 3,5, e a media das dúas debe **acadar o cinco, que supón un 3,5 na nota global da avaliación unha vez calculado o 70%.**

- O exame de setembro farase sobre contidos mínimos.

2º CICLO DA ESO

Os mecanismos que se van utilizar van ser :

- Ficha persoal do alumno para rexistrar: as tarefas, participación, traballo en grupo, hábitos...
- Probas escritas dos temas traballados.
- Posibilidade de realización de traballos literarios ou de investigación.
- Traballo diario e tamén en grupo.
- Teremos en conta o esforzo por aprender, a atención nas clases e o emprego espontáneo do galego.

O conxunto de probas escritas, un máximo de dúas por trimestre, valerá ata un total de 7 puntos no conxunto da avaliación.

Faranse recuperacións de cada unha delas en cada trimestre.

- Estas dúas probas farán media a partir de 3,5, e deberase acadar o 5 para chegar ao aprobado.
 - **Valorarase a oralidade** :e avaliarase a partir da práctica diaria na aula e na proba oral de lectura.**Sumará ata o máximo de 1 punto.**
 - **Traballo da clase , da casa ,da aula presencial e virtual sumarán ata 1 punto.**
 - **Será obrigatoria a lectura dun libro por trimestre ,que se valorará ata 1 punto.**Para demostrar que leu o libro o alumnado realizará probas orais.Nestas probas vaise avaliar tanto o comentario que o alumnado faga sobre o contido do libro, como a lingua que utiliza.
 - Contémplase a posibilidade do reforzo personalizado se a profesora o estima oportuno, sobre todo ,no caso dos repetidores.
 - Contémplase a posibilidade , **de forma extraordinaria**, da realización dun exame final en xuño sobre contidos mínimos.
 - En setembro o exame farase sobre os contidos mínimos.

PENDENTES

O alumnado da ESO que **teña pendente** a asignatura nun nivel inferior terá un seguimento especial do seu rendemento no nivel no que se atopa , incluída a posibilidade de realización dalgún traballo específico, se se estimar oportuno, e será cualificado na pendente polo traballo e polos resultados no nivel en que se atopa neste curso.

BACHARELATO

CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Realizarase unha avaliación continua, xa que unha materia de carácter instrumental como é o caso da de Lingua e Literatura Galega debe manter ese sistema pola imposibilidade de illar uns obxectivos de outros. O punto de partida será unha avaliación inicial ao principio de curso. Esta avaliación inicial será completada coa avaliación formativa, que se realizará durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a marcha do alumnado e da que formarán parte todas as actividades levadas a cabo ao longo de cada período avaliatorio. Con carácter xeral, haberá probas que serán consontes coa metodoloxía de traballo e as actividades desenvolvidas. Así mesmo haberá actividades de recuperación para o alumnado que non acade o grao mínimo dos indicadores de logro no tempo dos períodos avaliatorios trimestrais. Completarase cunha avaliación sumativa, que valorará ao final do curso o grao de consecución obtido polo alumno respecto aos obxectivos previstos. En caso de non alcanzar estes obxectivos, existirá un exame de setembro onde obrigatoriamente se acudirá para examinarse de toda a materia.

Na cualificación final influirán o grao de asimilación de contidos por parte do alumno/a (criterio este básico e fundamental); o seu comportamento xeral; a actitude de traballo, interese e respecto amosados na clase durante todo o curso; a súa asistencia regular ás aulas e, finalmente, as lecturas e traballos realizados. A realización de lecturas e traballos por parte do alumnado será tida en conta na súa cualificación final.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na avaliación de referencia, sexa esta Ordinaria ou Extraordinaria.

Para a avaliación terase en conta, loxicamente:

- O seguimento da alumna/o día a día a través do caderno e das actividades cotiás, así como a súa actitude na aula.
- As probas e traballos efectuados para comprobar a realización e aproveitamento das lecturas obrigatorias.

- Asemade, o alumnado que realice actividades voluntarias organizadas ou en colaboración co Departamento de Lingua Galega e Literatura, como por exemplo, participación en xornadas, concursos orais ou escritos, revistas en papel ou dixitais, blogues, recitais de poesía, verase recompensado cunha cualificación positiva na nota da avaliación.
- As probas, tanto orais como escritas, realizadas ao longo do trimestre para valorar a evolución do alumno/a e o seu grao de logro dos obxectivos.
- A avaliación aprobarase cunha cualificación mínima de 5.

Os/as alumnos/as que non alcancen este mínimo teñen a posibilidade de realizar nas semanas seguintes á avaliación aquelas probas ou actividades propostas polo profesorado para facelo, así como modificar actitudes ou hábitos de traballo na avaliación seguinte. Para aqueles que non superen a materia en xuño, haberá un exame extraordinario no mes de setembro.

CUALIFICACIÓNS

- Dúas probas escritas por cada trimestre.Valoraranse **ata un máximo de 7 puntos no conxunto da avaliación**. A esa nota sumaránselle os puntos restantes.
- Estas dúas probas farán media, pero nunca con menos de 3,5, e a media das dúas debe **acadar o cinco ,que supón un 3,5 na nota global da avaliación unha vez calculado o 70%**.
- Haberá exames de recuperación para aqueles exames que non cheguen ó 3,5.
- A oralidade en galego na práctica diaria da clase e na exposición de traballos e se for o caso na proba oral de lectura ,**sumará ata 1 punto**.
- Proba da lectura correspondente a cada trimestre (libro obrigatorio), na que , a través do comentario de diferentes aspectos do libro, se demostrará que se leu e que se comprendeu a obra. Este exame valorarase **ata un punto e sumarase á nota de avaliación**.
- Hai a posibilidade de facer unha lectura optativa. O alumno que faga esta lectura obterá ,se é o caso, un máximo de 0.5 na nota de avaliación.
- Traballos escritos que se manden realizar ao longo do trimestre. Sumarán ata 1 punto na nota da avaliación.
- O alumnado deberá aprobar as tres avaliacións con alomenos un mínimo dun cinco ; se o alumno non superase as tres avaliacións,deberá ir ás probas extraordinarias .
- En setembro farase un exame de recuperación de carácter global. No caso de 2º Bach o exame realizarase en xuño.

e)CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Imos traballar actividades variadas na tipoloxía e no grao de dificultade de modo que enfrontarse con elas sexa unha forma de asentar conceptos e supoña un reto real para o alumnado.

En todas as unidades imos incluír actividades que obriguen ao manexo de diferentes ferramentas TIC, á busca e ao procesamento de información a través de internet e doutras fontes documentais, á utilización do dicionario, á creación literaria, á resolución de problemas, á investigación ,á exposición oral , se for posíbel, ao desenvolvemento de proxectos.

Fomentaremos o traballo individual , preciso para certas actividades que serven para asentar coñecementos moi concretos(ortografía, gramática etc.) e tamén noutras moi útiles neste curso que favorecen o autoconñecemento e a expresión dos propios sentimentos(expresión da propia opinión, creación de textos de intención literaria etc.) .

E na medida do posíbel fomentaremos o traballo en grupo tanto no ensino presencial como no semipresencial.

Encargarémonos de practicar co alumnado o uso da aula virtual, facendo especial fincapé en:

- Acceso ao curso de cada materia.
- Uso da mensaxería da aula virtual.
- Funcionamento dun foro.
- Uso dos contidos achegados polo profesorado.
- Metodoloxía necesaria para achegar un ou máis arquivos a unha tarefa.
- Metodoloxía necesaria para que o alumnado comprobe as correccións das súas tarefas.
- Practicar o uso dun editor de texto.
- Dar indicacións sobre como inserir unha imaxe nun documento de texto.

- Practicar a conversión dun documento de texto a un documento pdf.
Na medida do posíbel tamén practicaremos o uso de videoconferencias a través da aplicación cisco webex.

E teremos que prestar especial atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

f) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR.

En todos os cursos o material fundamental vai ser o libro de texto e cada alumna/o terá que usalo tanto para traballar na aula presencial como na virtual. Ademais neste curso mantéñense os mesmos libros de texto de anos anteriores.

A maiores a aula virtual vai facilitar proporcionarlles material de tipo audiovisual que complementa os contidos do libro.

Cada alumna e alumno terá un caderno de traballo específico para a asignatura.

En 1º e 2º de ESO manexaremos os ordenadores para traballar con todas aquelas páxinas web que poidan servir de complemento a aquelas actividades que se estean a desenvolver na aula neste momento.

No resto dos cursos será o ordenador de aula o que sirva para as exposicións.

Consultaremos calquera referencia bibliográfica, xornalística pertinente para a aula.

Faremos lecturas colectivas de textos que procuraremos na rede .

PROPOSTA DE LIBROS DE LECTURA

Por suposto que esta lista é orientativa. Pode sufrir variacións se se considera que hai outros títulos máis atractivos para o alumnado, ou este demanda un determinado tipo de lectura ou en previsión da visita ó centro dalgún escritor ou escritora .

1º ESO

Francisco Castro: Chamádeme Simbad. Editorial Galaxia.

Ledicia Costas: Escarlantina, a cociñeira defunta. Xerais.

Nicolás Bela: Os cravos de prata. Sotelo Blanco.

2º ESO

Agustín Fernández Paz: Cartas de inverno. Xerais.

M. Lourenzo González: Irmán do vento.

Paco Martín: Das cousas de Ramón Lamote. Galaxia.

3º ESO

Santiago Lopo: A arte de trobar. Xerais. (1ª avaliación)

Xosé Miranda: Morning Star. Xerais. (1ª avaliación)

Núñez Singala: A comedia bífida. Editorial Galaxia. (2ª avaliación)

Agustín Fernández Paz: Noite de voraces sombras. Xerais (2ª avaliación)

Sechu Sende: Made in Galiza. Galaxia. (3ª avaliación)

Rosa Aneiros: Ámote Leo A. Xerais. (3ª avaliación)

A escoller un dos dous libros.

4º ESO

Castelao: Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete. (1ª avaliación)

Rafael Dieste: Dos arquivos do trasno. (1ª avaliación)

Carlos Casares: Vento ferido. (2ª avaliación)

Blanco Amor: Os biosbardos. (2ª avaliación)

Xabier Quiroga: Izán o da saca. Xerais. (3ª avaliación)

Agustín Fernández Paz: A viaxe de Gagarín. Xerais. (3ª avaliación)

Lecturas optativas.

Rosa Aneiros: Ámote Leo A. Xerais.

Berta Dávila: O derradeiro libro de Emma Olsen. Galaxia.

1º BACH

Santiago Lopo: A arte de trobar. Xerais.

Teresa Moure: Unha primavera para Aldara. Xerais.

Pedro Feijoo: Memoria da choiva. Xerais.

Lecturas optativas:

Xosé Miranda: Morning Star. Xerais.

Castelao: Os dous de sempre. Galaxia.

Cunqueiro: As crónicas do Sochantre. Galaxia.

2º BACH

O alumnado deberá escoller dentro desta lista os libros de lectura, aínda que esta poderá sufrir cambios ó longo do curso.

1º TRIMESTRE

POESÍA

Manuel Antonio, De catro a catro, Galaxia.

NOVELA

Risco, O porco de pé, Galaxia.

RELATO

Dieste, Dos arquivos do trasno, Galaxia.

TEATRO

Rafael Dieste: A fiestra baldeira

ENSAIO

Castelao, Sempre en Galiza (Adro e Libro primeiro)

Vicente Risco: Mitteleuropa. Galaxia.

LECTURA OPCIONAL:

Castelao: Os dous de sempre.

Berta Dávila. O derradeiro libro de Emma Olsen. Galaxia.

2º TRIMESTRE

POESÍA

